

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ORDE do 6 de febreiro de 2018 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control.

I

No marco do Regulamento (UE) nº 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº 637/2008 e (CE) nº 73/2009 do Consello, publicáronse o Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, e o Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común, que establecen a normativa básica aplicable a partir do ano 2015.

II

O Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº 352/78, (CE) nº 165/94, (CE) nº 2799/98, (CE) nº 814/2000, (CE) nº 1290/2005 e (CE) nº 485/2008 do Consello, no seu título V regula o Sistema integrado de xestión e control e indica que se aplicará tanto aos réximes de pagamentos directos regulados polo Regulamento (UE) nº 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, como a determinadas axudas ao desenvolvemento rural concedidas de acordo co Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello. Polo tanto, as normas que se establezan en relación co devandito sistema integrado afectarán tanto os pagamentos directos como as axudas de desenvolvemento rural que se deban controlar de acordo con el.

Por isto, débese establecer un sistema que permita a identificación única dos produtores que presenten solicitudes para os diferentes réximes de axuda, así como a identificación das parcelas agrícolas utilizando as técnicas do Sistema de información xeográfica de par-



celas agrícolas (en diante, Sixpac). Para iso o Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, establece, no seu título VI, a solicitude única anual de axudas como medio para que o beneficiario poida presentar a súa solicitude para todos os réximes de pagamentos directos que considere, así como para as axudas ao desenvolvemento rural financiadas con cargo ao Feader establecidas no ámbito do Sistema integrado de xestión e control.

III

En España, o sistema de identificación de parcelas agrícolas é o Sixpac. O Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, establece as normas de aplicación en España do Sixpac e a súa utilización como instrumento de xestión no marco do Sistema integrado de xestión e control e resto de réximes de axuda relacionados coa superficie da política agrícola común (PAC).

IV

O Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, establece, entre outras, as normas da condicionalidade.

O Regulamento (UE) nº 1310/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, que establece disposicións transitorias relativas á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), modifica o Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que incumbe aos recursos e a súa distribución no exercicio de 2014 e modifica o Regulamento (CE) nº 73/2009 do Consello, e os regulamentos (UE) nº 1307/2013, (UE) nº 1306/2013 e (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta á súa aplicación no exercicio de 2014, establece que a partir do 1 de xaneiro de 2015 se deben aplicar as disposicións sobre a condicionalidade establecidas no Regulamento (UE) nº 1306/2013, do 17 de decembro.

O Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola, determina as normas da condicionalidade que deberán cumprir os beneficiarios de axudas suxeitas a esta.

Respecto do anterior, o Real decreto 980/2017, do 10 de novembro, modifica o Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, impondo novas obrigas respecto do emprego de



estercos e novas prohibicións respecto da forma de aplicación de xurros pero facultando, neste caso, as comunidades autónomas para que poidan establecer excepcións ás ditas prohibicións.

V

Segundo os últimos datos publicados da enquisa gandeira elaborada pola Subdirección Xeral de Estatística do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o censo de ovino da Comunidade Autónoma de Galicia respecto ao censo nacional é inferior ao 2 %. Polo tanto, de acordo coa posibilidade establecida no artigo 71.3 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, na Comunidade Autónoma de Galicia poderán ser beneficiarios da axuda asociada para as explotacións de ovino os titulares de explotacións cun censo de femias elixibles igual ou superior a 10.

VI

O Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 foi aprobado pola Comisión Europea o pasado 18 de novembro de 2015. De acordo co exposto anteriormente, a solicitude única que se regula nesta orde abrangue, ademais dos pagamentos directos, as solicitudes de pagamento das axudas de desenvolvemento rural establecidas no ámbito do Sistema integrado de xestión e control. No caso de Galicia, en 2018 esas axudas son: a prima anual de mantemento asociada ás axudas de primeira forestación de terras non agrícolas (submedida 8.1, compromisos vixentes do período 2007-2013), os pagamentos a zonas con limitacións naturais (submedidas 13.1 e 13.2, esta última supeditada para a súa tramitación á autorización da Comisión Europea), as axudas de agroambiente e clima (submedida 10.1) e as da agricultura ecolóxica (submedidas 11.1 e 11.2).

VII

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece no seu artigo 10, relativo aos requisitos para obter a condición de beneficiario, no número 2.e) que non poderán obter a dita condición, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora, entre outros, os que non estean ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou teñan pendente de pago algunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, nos termos en que regulamentariamente se determinen.



Por outra banda, de acordo co previsto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, establece no artigo 49 a posibilidade de que os beneficiarios de axudas que se concedan con carácter compensatorio ou indemnizatorio poidan substituír por unha declaración responsable do solicitante a obriga de presentar a certificación acreditativa do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Os pagamentos directos á agricultura e á gandería previstos no título II tiveron e teñen o carácter de pagamentos compensatorios. Os pagamentos directos derivan da reforma da PAC do ano 1992, en relación coas organizacións comúns de mercado de produtos agrícolas que, co obxectivo de aproximar os prezos comunitarios aos do mercado mundial e compensar as perdas de ingresos causadas pola redución dos prezos institucionais, estableceu un pagamento compensatorio para os agricultores en cada sector. Así, no caso dos cultivos herbáceos estableceuse mediante o Regulamento (CEE) nº 1765/1992 do Consello, do 30 de xuño, polo que se establece un réxime de apoio aos produtores de determinados cultivos herbáceos, e no da carne de vacún mediante o Regulamento (CEE) nº 2066/1992 do Consello, do 30 de xuño, que modifica o Regulamento (CEE) nº 805/1968 do Consello, do 27 de xuño, polo que establece a organización común de mercados no sector da carne de bovino.

Unha parte importante destas axudas, con base en criterios históricos por percepción de importes compensatorios por estes conceptos en campañas de referencia, integrouse en 2006 no pagamento único por explotación, manténdose unha pequena porcentaxe asociada á actividade produtiva.

Coa nova reforma da PAC os dereitos de pagamento único desaparecen e son substituídos en 2015 polos dereitos de pagamento básico e por outras axudas dissociadas da produción. Entre estas últimas cabe destacar o denominado pagamento verde ao cal se destinará o 30 % do orzamento de pagamentos directos e que está vinculado ao cumprimento por parte dos agricultores, de prácticas agrícolas sustentables, beneficiosas para a calidade dos solos, a biodiversidade e o ambiente en xeral. Ao igual que na reforma anterior mantense unha pequena porcentaxe de axudas asociadas. Os pagamentos directos seguirán estando suxeitos á condicionalidade.

En definitiva, os pagamentos directos permiten estabilizar a renda dos agricultores e compensalos pola prestación de servizos públicos de valor incalculable: protección do am-



biente, benestar dos animais, alimentos seguros e de calidade, etc. Estes servizos públicos son aínda máis importantes se se ten en conta que as normas europeas están entre as máis estritas do mundo. Isto encarece a produción de alimentos en Europa con respecto á doutros países que impoñen normas menos rigorosas. Sen os pagamentos directos, os agricultores europeos non poderían competir cos doutros países e á vez atender ás exixencias específicas dos consumidores de Europa.

Doutra banda, os pagamentos a zonas con limitacións naturais e as axudas de agroambiente e clima e de agricultura ecolóxica previstas no título III teñen o carácter de pagamentos compensatorios, ben pola zona en que exercen a actividade os agricultores ou ben polos custos adicionais e as perdas de ingresos derivados dos compromisos asumidos polo agricultor en relación co sistema de produción agrícola ou gandeiro adoptado para a mellora do ambiente e do ámbito natural.

Polo tanto, os pagamentos directos á agricultura e á gandaría, os pagamentos a zonas con limitacións naturais, as axudas de agroambiente e clima e de agricultura ecolóxica reguladas por esta orde deben considerarse incluídas no artigo 49.d) da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, e os beneficiarios non terán a obriga de achegar os xustificantes de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, que será substituída pola declaración responsable do solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, así como de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Finalmente, a disposición adicional décimo oitava da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, establece que os expedientes do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) en que se exerza función de intermediación na xestión do Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria (Feaga) serán xestionados como operacións extraorxamentarias consonte o sinalado no artigo 46.4 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime orxamentario e financeiro de Galicia.

En consecuencia, en conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, no uso das facultades que me confiren a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de



subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

TÍTULO PRELIMINAR
Disposicións xerais

CAPÍTULO I
Obxecto e definicións

Artigo 1. *Obxecto e ámbito*

1. Esta orde ten por obxecto regular e convocar na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2018 os pagamentos directos á agricultura e á gandería, así como as axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control.

2. Así mesmo, ten por obxecto aplicar na Comunidade Autónoma de Galicia o Sistema integrado de xestión e control de determinados réximes de axudas comunitarios, incluída a solicitude única de axudas, de acordo co previsto no Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento e o Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº 352/78, (CE) nº 165/94, (CE) nº 2799/98, (CE) nº 814/2000, (CE) nº 1290/2005 e (CE) nº 485/2008 do Consello.

3. Os procedementos administrativos que se regulan na presente orde son os seguintes:

a) MR250A-Pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control (solicitude única).

b) MR239K-Solicitude de modificación do Sistema de información xeográfica de parcelas (Sixpac).

c) MR239O-Recoñecemento como entidade colaboradora.

d) MR240D-Solicitude de modificación da solicitude única de axudas PAC/DR.

e) MR241C-Solicitude de asignación de dereitos de pagamento básico da reserva nacional.



f) MR241D-Comunicación de cesión de dereitos do réxime de pagamento básico.

Artigo 2. *Liñas de axuda*

1. As liñas de axuda están integradas polos pagamentos directos á agricultura e á gandería, en concreto, os seguintes réximes de axuda comunitarios establecidos no Regulamento (UE) nº 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural:

a) Un pagamento básico aos agricultores («réxime de pagamento básico»).

b) Un pagamento para os agricultores que apliquen prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente.

c) Un pagamento suplementario para os agricultores mozos que comezan a súa actividade agrícola.

d) Un réxime de axuda asociada:

1ª. Axuda asociada aos cultivos proteicos.

2ª. Axuda asociada aos legumes de calidade.

3ª. Axuda asociada para as explotacións que manteñan vacas nutrices.

4ª. Axuda asociada para as explotacións de vacún de cebo.

5ª. Axuda asociada para as explotacións de vacún de leite.

6ª. Axuda asociada para as explotacións de ovino.

7ª. Axuda asociada para as explotacións de cabrún.

8ª. Axudas asociadas para os gandeiros de vacún de leite, vacún de cebo e de ovino e cabrún que mantiveron dereitos especiais en 2014 e non dispoñen de hectáreas admisibles para a activación de dereitos de pagamento básico.



9ª. Tamén poderá solicitarse calquera outra axuda asociada regulada no título IV do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

e) Un réxime simplificado para os pequenos agricultores.

Todas as axudas citadas anteriormente son financiadas integramente polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga).

2. Tamén se inclúen as solicitudes da axuda e/ou do pagamento das medidas de desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control, que na Comunidade Autónoma de Galicia son:

a) Prima anual de mantemento asociada ás axudas de primeira forestación de terras non agrícolas (submedida 8.1): solicitude do pagamento.

b) Pagamento a zonas con limitacións naturais (submedidas 13.1 e 13.2): solicitude da axuda e, se é o caso, do pagamento.

c) Agroambiente e clima (submedida 10.1): solicitude do pagamento.

d) Agricultura ecolóxica (submedidas 11.1 e 11.2): solicitude do pagamento.

3. As axudas establecidas na submedida 13.2 do número 2.b) quedan supeditadas, para a súa tramitación, á aprobación da Comisión Europea, mediante os correspondentes actos de execución, da modificación do PDR de Galicia 2014-2020.

4. Para as axudas incluídas no número 2 o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) contribuirá cunha participación do 75 % ao seu cofinanciamento.

Artigo 3. *Definicións*

1. Ademais das definicións establecidas na normativa comunitaria e estatal de aplicación e, en concreto, no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro; no Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro; no Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro; e no Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, será de aplicación á presente orde a seguinte:

a) «Razas bovinas de aptitude eminentemente leiteira»: consideraranse como tales as relacionadas no anexo II. Tamén terá esa condición o conxunto mestizo dunha explotación bovina inscrita no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) cunha clasificación zootécnica de «reprodución para a produción de leite».



2. Para os efectos das axudas de desenvolvemento rural reguladas nesta orde tamén serán aplicables as seguintes definicións:

a) «Agricultor a título principal»: o agricultor profesional que obteña, polo menos, o 50 por cento da súa renda da actividade agraria exercida na súa explotación e cuxo tempo de traballo dedicado a actividades non relacionadas coa explotación sexa inferior á metade do seu tempo de traballo total.

b) «Agricultor profesional»: a persoa física que sendo titular dunha explotación agraria obteña polo menos o 50 por cento da súa renda total de actividades agrarias ou outras actividades complementarias, a condición de que a parte de renda procedente directamente da actividade agraria non sexa inferior ao 25 por cento da súa renda total e o volume de emprego agrario dedicado a actividades agrarias ou complementarias sexa igual ou superior á metade dunha unidade de traballo.

c) «Explotacións agrarias prioritarias»: as explotacións agrarias familiares e as asociativas que estean cualificadas como prioritarias, conforme a Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias.

d) «Carga gandeira»: a relación entre o número de unidades de gando maior (UGM) de bovino, ovino, cabrún e equino e as hectáreas de superficie forraxeira da explotación, incluídas as de aproveitamento comunal a que teña dereito. As UGM calcularanse como unha media a partir dos censos gandeiros das especies antes indicadas, presentes na explotación en seis datas do ano de solicitude. No caso de existir un control sobre o terreo farase unha contaxe de animais para verificar a súa coherencia cos censos empregados para o cálculo do valor medio.

e) «Unidade de gando maior (UGM)»: a conversión das diferentes categorías de animais segundo o indicado no anexo II do Regulamento (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, é dicir:

1ª. Touros, vacas e outros animais da especie bovina de máis de dous anos, e équidos de máis de seis meses 1,0 UGM.

2ª. Animais da especie bovina de seis meses a dous anos 0,6 UGM.

3ª. Animais da especie bovina de menos de seis meses 0,4 UGM.

4ª. Ovinos e cabrúns 0,15 UGM.



5ª. Porcas de cría > 50 kg 0,5 UGM.

6ª. Outros porcos 0,3 UGM.

7ª. Galiñas poñedoras 0,014 UGM.

8ª. Outras aves de curral 0,03 UGM.

f) «Superficie forraxeira»: a superficie agraria útil da explotación dedicada a pastos ou a cultivos destinados á produción de forraxe para a alimentación animal, incluídas as superficies utilizadas en común e as que estean dedicadas a un cultivo mixto, dispoñible para a cría de bovinos, ovinos, cabrúns ou equinos.

g) «Superficie agraria útil»: a superficie dedicada a terras de cultivo, pastos permanentes ou cultivos permanentes.

Artigo 4. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación dos procedementos regulados nesta orde require a incorporación de datos en poder das administracións públicas, consellos reguladores, marcas de calidade, organismos de control, entidades asociativas ou entidades de aconsellamento. De conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, presumirase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa. En caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegar os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estean en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao cal correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, ou, na súa falta,



a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A presentación da solicitude do pagamento da prima anual de mantemento asociada ás axudas de primeira forestación de terras non agrícolas pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, caso en que deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente. Entenderase denegación expresa no caso de que na solicitude única non estea marcado o recadro de dar o consentimento para a consulta de datos de estar ao día coa AEAT e coa TXSS.

4. Coa presentación da solicitude do pagamento da prima anual de mantemento asociada ás axudas de primeira forestación de terras non agrícolas presentárase declaración responsable de se perciben ou non outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade conforme o modelo do anexo XII.

5. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano ou entidade responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 á cal estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitírase á Base de datos nacional de sub-



vencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

6. Así mesmo, no marco do indicado no artigo 5 seguinte, coa presentación das solicitudes as persoas interesadas autorizan a que os datos recollidos nestas sexan incluídos noutros ficheiros informatizados para o seu tratamento coa finalidade de que sexan empregados pola Xunta de Galicia e/ou polo Fogga no ámbito das súas competencias.

Artigo 5. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría do Fondo Galego de Garantía Agraria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: rúa dos Irmandiños, s/n, Salgueiriños, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a dereitosarco.fogga@xunta.gal.

Así mesmo, serán incluídos no ficheiro denominado «Xestión, seguimento e control de proxectos e fondos europeos». Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda a través de correo electrónico dirixido a fondos.europeos.facenda@xunta.gal.

CAPÍTULO II

Agricultor activo e actividade agraria

Artigo 6. *Ámbito*

Os pagamentos directos indicados no título II e as axudas de desenvolvemento rural recollidas no capítulo III e na sección 3ª do capítulo IV do título III desta orde, só se concederán a aqueles solicitantes que cumpran os requisitos de agricultor activo e actividade agraria. O requisito da actividade agraria tamén será exigible aos solicitantes das axudas de agroambiente e clima recollidas na sección 2ª do capítulo IV do título III.



Artigo 7. *Aplicación e verificación*

1. A aplicación e verificación da figura de agricultor activo e da actividade agraria sobre as superficies da explotación realizarase segundo o establecido respectivamente nos capítulos I e II, do título II do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

2. En canto á actividade agraria, naqueles recintos en que se declare unha actividade de mantemento de entre as recollidas no anexo IV do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, a dita actividade realizarase anualmente e deberase conservar, se é o caso, á disposición do Fogga toda a documentación xustificativa dos gastos e pagamentos incorridos na súa realización.

TÍTULO I**Sistema integrado de xestión e control (SIXC)****Artigo 8. *Ámbito de aplicación do SIXC***

O SIXC aplicarase aos réximes de axuda enumerados no anexo I do Regulamento (UE) nº 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e á axuda concedida de acordo co artigo 21.1.a) e 21.1.b), os artigos 28 a 31, 33, 34 e 40 do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e, cando cumpra, o artigo 35.1.b) e 35.1.c), do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

Con todo, non se aplicará ás medidas establecidas no artigo 28, número 9, do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, nin ás medidas previstas no artigo 21.1.a) e 21.1.b), do devandito Regulamento, no que respecta aos custos de implantación.

O sistema integrado tamén se aplicará, na medida necesaria, ao control da condiciónalidade.

CAPÍTULO I**Solicitud e única****Artigo 9. *Solicitud e única (procedemento MR250A)***

1. As persoas que desexen obter algún dos pagamentos directos ou das axudas de desenvolvemento rural citadas no artigo 2 deberán presentar unha solicitud e única.



2. Para aqueles beneficiarios que estean incluídos no réxime simplificado para os pequenos agricultores a solicitude única consistirá unicamente na presentación dunha confirmación do seu acordo de seguir pertencendo ao dito réxime para cobrar a anualidade correspondente xunto coa información mínima para cada parcela que se establece no anexo VII do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro. Estes beneficiarios durante o prazo de presentación da solicitude única que se establece no artigo seguinte, poderán presentar a renuncia ao seu mantemento neste réxime.

3. Para os efectos dos controis da condicionalidade, tamén deberán presentar unha solicitude única os beneficiarios que recibisen pagamentos das axudas á colleita en verde en 2016 ou a plans de reestruturación e reconversión del viñedo en Galicia nos anos 2015, 2016 e/ou 2017. Estes beneficiarios presentarán unha solicitude única en que declaren todas as parcelas da súa explotación aínda que non soliciten ningún dos pagamentos directos ou axudas de desenvolvemento rural indicados no artigo 2 desta orde.

4. Por último, de acordo co especificado no artigo 4 do Real decreto 9/2015, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene na produción primaria agrícola, os agricultores non incluídos nos puntos anteriores, con excepción dos que dediquen todas as súas producións ao consumo doméstico privado e daqueles cuxa explotación agrícola estea constituída unicamente por superficies de viñedo, deberán de presentar unha solicitude específica en que declaren todas as parcelas agrícolas da súa explotación e, no caso das explotacións con produción mixta agrícola e gandeira, o código ou códigos do Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) para efectos da súa inscrición no Rexistro Xeral da Produción Agrícola (Rexepa).

Artigo 10. *Lugar e prazo de presentación da solicitude única*

1. A solicitude única presentase na Comunidade Autónoma de Galicia dirixida á persoa titular da Dirección do Fogga, cando a explotación estea situada completamente neste territorio ou se estando situada en máis dunha comunidade autónoma, está na Comunidade Autónoma de Galicia a maior parte da súa superficie agraria ou o maior número de animais no caso de non dispoñer de superficie.

2. A presentación da solicitude única realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, de conformidade co establecido nos artigos 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se



regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Os solicitantes poderán optar por:

- a) Realizar persoalmente a súa solicitude, para o cal precisan dispoñer dun certificado dixital con vixencia.
- b) Realizar a solicitude a través das entidades colaboradoras asinantes dun convenio para tal efecto co Fogga.

Como excepción ao anterior, as solicitudes cubertas a través do formulario electrónico normalizado correspondentes aos agricultores indicados no punto 4 do artigo 9, tamén poderán presentarse en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. O prazo de presentación da solicitude única, para o ano 2018, iniciárase o 1 de febreiro e finalizará o día 30 de abril, ambos incluídos.

4. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, admitiranse solicitudes de axudas ata 25 días naturais seguintes á data de finalización do prazo establecido, nese caso e fóra dos casos de forza maior e circunstancias excepcionais, os importes reduciranse un 1 por cento por cada día hábil en que se exceda a dita data. A redución mencionada neste parágrafo tamén será aplicable respecto da presentación de contratos ou declaracións e outros documentos ou xustificantes que sexan elementos constitutivos da admisibilidade da axuda de que se trate, segundo o previsto na normativa comunitaria. No ano en que se asignen dereitos de pagamento básico esa redución será dun 3 por cento por cada día hábil en que se exceda a dita data para ese réxime de axudas. Se o atraso é superior a 25 días naturais, a solicitude considerarase inadmisíble.

Artigo 11. *Contido da solicitude única*

1. O contido da solicitude única será o que se indica no artigo 92 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

2. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Documentación adicional que se indica no punto V do anexo VII do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.



b) Documentación que para esta solicitude se indica nas partes A e B do anexo I desta orde.

Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

5. Esta documentación complementaria presentarase electronicamente empregando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do do-



cumento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo lo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Como excepción ao anterior, a documentación complementaria das solicitudes correspondentes aos agricultores indicados no punto 4 do artigo 9, tamén poderá presentarse en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6. Na solicitude única declararanse todas as parcelas agrícolas que conforman a superficie agraria da explotación e que estean á disposición do seu titular. En cada parcela agrícola declararase o cultivo ou aproveitamento presente durante a maior parte do período principal de cultivo indicado no artigo 33.

No caso das terras de cultivo, se procede, poderase declarar máis dun produto por campaña e parcela indicando sempre como cultivo para efectos da diversificación o que cumpra o indicado no parágrafo anterior que será o que se utilice para a medida de diversificación establecida no artigo 20 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

No caso de declarar que o recinto é obxecto dun labor de mantemento anual indicárase un dos recollidos na lista establecida no anexo IV do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

Nas medidas de axuda por superficie dos programas de desenvolvemento rural, tamén se deberá incluír a superficie non agrícola pola que se solicita axuda.

7. As parcelas agrícolas da explotación identificaranse mediante as referencias alfanuméricas do Sixpac en vigor ao inicio de campaña, salvo no caso dos pastos permanentes utilizados en común cuxa declaración se fará segundo o indicado no artigo seguinte. Con todo, de forma excepcional e para o ano natural 2018, nas áreas indicadas no anexo III, por razóns da existencia de modificacións territoriais aínda non reflectidas no Sixpac, utilizaranse as referencias oficiais identificativas de concentración parcelaria indicadas no dito anexo. De acordo co número 4 do artigo 92 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, os solicitantes deberán delimitar graficamente e en formato dixital as parcelas agrícolas da explotación.

8. Calquera propietario de parcelas poderá comunicar ao Fogga aquelas que non poden ser solicitadas por non estar arrendadas, e para iso deberá acreditar a súa titularidade e



indicar as súas referencias no Sixpac. De acordo con iso, e de acordo co indicado no parágrafo 11 do número I do anexo VII do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, os solicitantes non terán que indicar na súa solicitude o NIF do arrendador ou cedente parceiro.

Artigo 12. Declaración de pastos permanentes utilizados en común

As superficies de pastos permanentes utilizados en común por varios agricultores declararanse de acordo cunhas referencias identificativas das parcelas agrícolas distintas das establecidas no Sixpac, que o Fogga poñerá en coñecemento das entidades xestoras dos pastos antes de que finalice o período de presentación da solicitude única, para efectos de que poidan ser utilizadas polos agricultores na declaración de superficies. O agricultor declarará a superficie neta que lle foi asignada pola entidade xestora do pasto, é dicir, a superficie admisible unha vez aplicado o coeficiente de admisibilidade dos pastos que corresponda.

Artigo 13. Modificación da solicitude única (procedemento MR240D)

1. Unha vez finalizado o prazo para a presentación da solicitude única, os solicitantes poderán presentar solicitudes de modificación ata o 31 de maio.

2. Mediante estas solicitudes os agricultores poderán modificar a súa solicitude única para eliminar, modificar ou engadir réximes de pagamentos directos ou medidas de desenvolvemento rural, así como tamén para suprimir, modificar ou engadir parcelas individuais ou dereitos de pagamento individuais sempre que se cumpran os requisitos establecidos para o réxime de axuda de que se trate. Cando estas modificacións repercutan nalgún xustificante ou contrato que debe presentarse, tamén estará permitido modificalo.

3. As solicitudes de modificación deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, de conformidade co establecido nos artigos 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Alternativamente, as solicitudes cubertas a través do formulario electrónico normalizado indicado no parágrafo anterior tamén se poderán presentar en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



4. A documentación complementaria ou xustificantes necesarios poderán presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

CAPÍTULO II Entidades colaboradoras

Artigo 14. *Entidades colaboradoras*

Logo de solicitude, poderán acceder á condición de entidade colaboradora recoñecida polo Fondo Galego de Garantía Agraria na captura das axudas da PAC que conforman a solicitude única a partir de 2015, así como doutras solicitudes relacionadas con ela que tamén se regulan nesta orde (alegacións e solicitudes de modificación do Sixpac, solicitudes de dereitos de pagamento básico da reserva nacional, etc.):

1. As entidades de crédito (bancos ou caixas de aforro) que teñan sucursais abertas ao público na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. As organizacións profesionais agrarias con implantación na Comunidade Autónoma.
3. As entidades de asesoramento inscritas no Rexistro de Entidades con Servizos de Asesoramento ou Xestión de Galicia (Resaxega) á 31 de xaneiro de 2018.

Artigo 15. *Requisitos das entidades colaboradoras*

1. As entidades solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:
 - a) Dispor de persoal cualificado para prestar o asesoramento no ámbito da solicitude única de axudas da PAC.



b) Dispor de medios para o tratamento informático das solicitudes a través do programa de captura facilitado polo Fondo Galego de Garantía Agraria.

c) Dispor de certificado dixital de usuario da entidade con sinatura electrónica avanzada para a realización do rexistro electrónico das solicitudes presentadas a través da dita entidade.

d) Cumprir o disposto no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Os citados requisitos acreditaranse mediante declaración responsable.

Artigo 16. *Solicitud e prazo de presentación (procedemento MR2390)*

1. As entidades interesadas deberán dirixir a súa solicitude a persoa titular da Dirección do Fondo Galego de Garantía Agraria, segundo o modelo do anexo XIII.

2. A presentación desta solicitude realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, de conformidade co establecido nos artigos 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

3. O prazo para a presentación das solicitudes será desde o día da publicación da presente orde ata o día 28 de febreiro, incluído.

4. Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á



disposición das notificacións ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

7. As notificacións por medios electrónicos entenderanse realizadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

8. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico realizarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 17. *Convenio de entidade colaboradora*

1. Á vista da solicitude presentada e logo de comprobar o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 15, a persoa titular da Dirección do Fondo Galego de Garantía Agraria e o representante da entidade colaboradora formalizarán o convenio de entidade colaboradora.

2. O convenio de entidade colaboradora terá o contido previsto no artigo 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e terá efectos para a campaña de solicitudes correspondente ao ano da sinatura e será renovable expresamente mediante addenda, para cada campaña.

Artigo 18. *Habilitación para a presentación das solicitudes en representación de terceiros*

1. A formalización do convenio comportará a habilitación para a presentación na Comunidade Autónoma de Galicia da solicitude única de axudas da PAC e doutras solicitudes relacionadas con ela que tamén se regulan nesta orde, en representación de terceiros por medios telemáticos.

2. As entidades colaboradoras deberán ter a representación necesaria nos termos establecidos no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. O Fondo Galego de Garantía Agraria poderá requirir en calquera momento ás entidades habilitadas a acreditación da representación que posúan. A falta de representación su-



ficiente das persoas en cuxo nome se presentase a documentación dará lugar á exigencia das responsabilidades pertinentes.

4. A habilitación só lle confire á entidade autorizada a representación para intervir na presentación da solicitude da campaña en curso a través da aplicación informática do Fondo Galego de Garantía Agraria.

5. De acordo co anterior, o solicitante será o único responsable do contido das súas solicitudes: axudas solicitadas, parcelas, cultivos e aproveitamentos declarados, etc.

CAPÍTULO III **Alegacións ao Sixpac**

Artigo 19. *Alegacións e solicitudes de modificación do Sixpac (procedemento MR239K)*

1. As persoas interesadas deberán comprobar que a información contida no Sixpac referida aos recintos que compoñen as súas parcelas agrícolas é correcta, en concreto, deberán comprobar que a delimitación gráfica e o uso asignado aos seus recintos é correcto. Así mesmo, deberán cerciorarse que os seus recintos non conteñen elementos non elixibles, en particular, camiños e edificacións.

2. No caso de que a información recollida no Sixpac non coincida coa realidade da súa explotación, as persoas interesadas deberán presentar as alegacións ou solicitudes de modificación que correspondan sobre o uso, a delimitación ou outra información do recinto existente no Sixpac.

3. No caso de que un mesmo agricultor presente varias alegacións sobre un mesmo recinto, de cara ao estudo destas só se considerará a última presentada.

4. Con carácter xeral non se admitirán alegacións que conleven a partición dun recinto por unha superficie menor de 100 m².

5. No que se refire ás alegacións e solicitudes de modificación relativas ao coeficiente de admisibilidade dos pastos (CAP) en Galicia, os interesados poderán propoñer modificacións ao CAP global, sen distinguir os factores que o compoñen (solo, pendente ou vexetación). Os interesados poderán diferenciar sectores dun mesmo recinto nos cales estimen un grao de admisibilidade substancialmente diferente, pero só se admitirán as solicitudes para incrementar o CAP global cando o incremento proposto sexa superior ou igual ao



20 % e, ademais, o novo valor proposto na alegación neses casos só poderá ser algún dos seguintes: 25, 35, 45, 55, 65, 75, 85 ou 100, no caso de propoñer un valor distinto axustárase de oficio á baixa resultando aplicables as reducións e sancións correspondentes por sobredeclaración de superficies. Tendo en conta que as superficies marxinais sen unha actividade agrícola non son superficies admisibles, non se considerarán pastos arbustivos ou con arboredo os límites dos recintos (particularmente os de terras de cultivo, pasteiros ou cultivos permanentes) nin tampouco recintos ou partes de recintos inferiores a 0,30 ha, salvo que estean unidos a outras superficies de pasto da explotación con actividade de pastoreo e que en conxunto superen ese límite.

Artigo 20. Lugar e prazo de presentación de alegacións e solicitudes de modificación do Sixpac

1. As alegacións e solicitudes de modificación ao Sixpac dos recintos situados na Comunidade Autónoma de Galicia poderán presentarse, independentemente do indicado no número 2 seguinte, en calquera momento do ano e serán dirixidas á persoa titular da Dirección do Fogga.

2. O prazo de presentación será ata o 31 de maio de 2018, para que as resolucións teñan efecto sobre as superficies validadas das solicitudes de axuda tramitadas coa solicitude única no ano 2018.

3. A presentación destas alegacións e solicitudes de modificación realizarase polas mesmas vías establecidas no artigo 13.3 para a modificación da solicitude única.

4. Estas solicitudes irán acompañadas da documentación que para cada caso se indica na parte C do anexo I.

5. A documentación complementaria ou xustificantes necesarios poderán presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



As copias dos documentos terán a mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

Artigo 21. Resolución de alegacións e solicitudes de modificación

1. A resolución das alegacións e solicitudes de modificación ao Sixpac corresponde á persoa titular da Dirección do Fogga que ditará a resolución correspondente que será notificada aos interesados.

2. O prazo para resolver as alegacións ou solicitudes de modificación é de seis meses desde a súa presentación. Transcorrido o devandito prazo sen que se dite resolución expresa poderán entenderse desestimadas.

3. Contra a resolución da persoa titular da Dirección do Fogga caberá a interposición do recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do citado organismo no prazo dun mes, contado desde a notificación da resolución que se impugna.

CAPÍTULO IV
Da condicionalidade

Artigo 22. Obxecto e ámbito de aplicación

Este capítulo ten por obxecto definir na Comunidade Autónoma de Galicia as boas condicións agrarias e ambientais da terra e os requisitos legais de xestión que se deberán cumprir no ano 2018 de acordo coa condicionalidade, en conformidade co Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciben pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola.

Artigo 23. Obriga de cumprir os requisitos da condicionalidade

1. Os beneficiarios dos pagamentos e axudas indicados nas alíneas a) e b) do artigo 2, salvo os que unicamente reciban a prima anual de mantemento asociada ás axudas de primeira forestación de terras non agrícolas, así como os beneficiarios que recibisen pagamentos das axudas á colleita en verde en 2016 ou a plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia nos anos 2015, 2016 e/ou 2017, deberán observar os requisitos legais de xestión (RLX) a que se refire o anexo VI desta orde, así como as boas condicións agrarias e ambientais da terra (BCAA) indicadas no anexo VII.



2. Consonte o disposto no artigo 92 do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, os agricultores que participan no réxime a favor dos pequenos agricultores, quedarán exentos da condicionalidade e, en particular, do seu sistema de control e, se é o caso, da aplicación de penalizacións.

3. En relación coa BCAA 7 e concretamente no referido ao mantemento das particularidades topográficas ou elementos da paisaxe, non será posible efectuar unha alteración dos ditos elementos agás daqueles que se indican expresamente na descrición desta BCAA no anexo VII sempre e cando a súa alteración veña motivada por razón da viabilidade económica da explotación. Para que a dita alteración non dea lugar a un incumprimento da condicionalidade será necesario comunicala antes do 31 de maio mediante unha solicitude de modificación do Sixpac (tipo 11) xunto cunha memoria descritiva dos motivos razoados que levan á modificación ou eliminación do elemento en relación coa viabilidade económica da explotación, así como das preceptivas autorizacións no ámbito correspondente (forestal, ambiental, hidráulico, etc.) cando sexan necesarias. As solicitudes que non estean debidamente razoadas serán denegadas e, se é o caso, darán lugar a un incumprimento da condicionalidade. As solicitudes presentadas despois da notificación ou execución dun control sobre o terreo non serán tidas en conta para a campaña en curso e terán efectos para a campaña seguinte.

CAPÍTULO V

Resolución das axudas no marco do SIXC

Artigo 24. *Resolución de solicitudes de pagamentos directos á agricultura e gandaría*

1. Unha vez realizados os controis administrativos e sobre o terreo e comunicados polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente os coeficientes previstos, se é o caso, a Subdirección Xeral de Xestión da PAC, na súa condición de órgano instrutor do procedemento, establecerá, para cada unha das solicitudes presentadas no seu ámbito, as superficies, o número de animais con dereito a recibir as axudas e os importes que lles corresponden.

2. A persoa titular da Dirección do Fogga será a competente para resolver estas solicitudes.

3. A dita resolución non pon fin á vía administrativa e de conformidade co disposto no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá ser recorrida en alzada ante a persoa titular da Presidencia do Fondo Galego de Garantía Agraria no prazo dun mes.



Artigo 25. Resolución das solicitudes de pagamentos a zonas con limitacións naturais, de agroambiente e clima e de agricultura ecolóxica

1. No caso dos pagamentos a zonas con limitacións naturais:

a) Se os importes das axudas a pagar superan o orzamento dispoñible para cada unha das áreas indicadas no capítulo III do título III da presente orde, entón a Subdirección Xeral de Xestión da PAC, na súa condición de órgano instrutor do procedemento, establecerá un rateo dos importes das axudas para adaptalos ao orzamento dispoñible.

b) A resolución das solicitudes de pagamento da axuda da submedida 13.2, outras zonas con limitacións naturais (distintas de montaña), queda supeditada á autorización, mediante o correspondente acto de execución da Comisión Europea, da modificación da submedida no PDR para Galicia 2014-2020.

2. A persoa titular da Dirección do Fogga será a competente para resolver estas solicitudes. No caso da concesión das axudas de agroambiente e clima e de agricultura ecolóxica:

a) O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva de acordo cos criterios de priorización establecidos nesta orde para cada unha delas.

b) A Subdirección Xeral de Xestión da PAC, na súa condición de órgano instrutor do procedemento, establecerá a priorización para cada unha das solicitudes presentadas, así como as unidades con dereito a axuda e o importe que lle corresponde.

A persoa titular da Dirección do Fogga será a competente para resolver estas solicitudes.

Artigo 26. Prazo para resolver

O prazo máximo para ditar as resolucións previstas no artigo anterior será de nove meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG. Transcorrido devandito prazo sen que se dite e notifique a correspondente resolución, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

De conformidade co disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o solicitante ou outros posibles interesados poderán interpor recurso de alzada en calquera momento a partir do día en que se produzan os efectos do silencio administrativo.



Artigo 27. Notificacións

1. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro. De conformidade co establecido no artigo 45 da indicada lei, a notificación poderá realizarse mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, no taboleiro de anuncios e na páxina web da Consellería do Medio Rural. Nesta notificación especificarase a convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como, se for o caso, as causas da desestimación, e expresará ademais os recursos que procedan contra a resolución, o órgano administrativo e xudicial ante o cal deben presentarse e o prazo para interpoñelos. Os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a aceptación da resolución, transcorrido o dito prazo sen que se produza manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada e non será admisible a renuncia posterior.

2. Ademais, nas resolucións das solicitudes de pagamentos a zonas con limitacións naturais, de agroambiente e clima e de agricultura ecolóxica, informaranse os beneficiarios de que a medida correspondente se subvenciona en virtude dun programa cofinanciado polo Feader, e da medida e da prioridade do PDR de que se trate.

3. No suposto de que for preciso realizar notificacións inividualizadas de actos de trámite efectuaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou deixen de efectuar por medios electrónicos.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.



As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico efectuarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 28. *Pagamento aos beneficiarios*

1. No que se refire aos períodos de pagamento e anticipos, e ao número de prazos nos que se poderán facer os pagamentos, observarase o indicado no artigo 75.1 do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento e o Consello, do 17 de decembro, e no artigo 105 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

2. Os pagamentos indicados no número 1 só poderán efectuarse unha vez finalizados os controis administrativos e sobre o terreo necesarios para verificar que se cumpren as condicións de admisibilidade. Non obstante, os anticipos por axudas concedidas no marco do desenvolvemento rural, poderán aboarse unha vez realizados os controis administrativos.

Artigo 29. *Cesión da explotación*

1. De acordo co establecido no artigo 8 do Regulamento de execución (UE) nº 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao Sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, cando despois de presentarse unha solicitude de axuda ou de pagamento e antes de que se cumprisen todas as condicións para a súa concesión, unha explotación sexa cedida por un beneficiario a outro na súa totalidade, non se concederá ningunha axuda ao cedente en relación coa explotación cedida.

2. As axudas solicitadas polo cedente concederanse ao cesionario sempre que:

- a) O cesionario informe o Fogga antes do 31 de outubro de 2018 e solicite o pagamento da axuda.
- b) O cesionario presente, no mesmo prazo, o documento de cambio de titularidade da explotación.



c) Se cumpran todas as condicións para a concesión da axuda respecto da explotación cedida.

3. Unha vez que o cesionario informe o Fogga e solicite o pagamento das axudas:

a) Todos os dereitos e obrigas do cedente que deriven da relación xurídica xerada pola solicitude de axuda ou a solicitude de pagamento entre o cedente e a autoridade competente transferiranse ao cesionario;

b) Todas as actuacións necesarias para a concesión da axuda e todas as declaracións realizadas polo cedente antes da cesión asignaranse ao cesionario para os efectos da aplicación da normativa pertinente da Unión Europea;

c) A explotación cedida considerárase, cando proceda, unha explotación independente en relación co ano de solicitude considerado.

4. Sen prexuízo do cumprimento da obriga de informar na forma e prazo indicada no punto 2 deste mesmo artigo, para os pagamentos a zonas con limitacións naturais, as axudas de agroambiente e clima e de agricultura ecolóxica a concesión da axuda ao cesionario estará supeditada á comprobación do cumprimento por este dos requisitos unha vez que achegue a documentación pertinente.

5. En ningún caso serán de aplicación as disposicións sinaladas neste artigo cando a transferencia só afecte unha parte da explotación.

TÍTULO II

Dos pagamentos directos á agricultura e á gandería

Artigo 30. *Obxecto*

O obxecto deste título é regular os aspectos específicos para a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia dos pagamentos directos á agricultura e á gandería indicados no artigo 2.1 desta orde.

Artigo 31. *Solicitude de dereitos de pagamento básico da reserva nacional (procedemento MR241C)*

1. As solicitudes de dereitos de pagamento básico da reserva nacional na Comunidade Autónoma de Galicia presentaranse ante a persoa titular da Dirección do Fogga.



2. O prazo de presentación será o mesmo que o da solicitude única.
3. A presentación destas solicitudes realizarase polas mesmas vías establecidas no artigo 10 para a solicitude única.
4. Estas solicitudes irán acompañadas da documentación que se indica no anexo I.
5. A documentación complementaria presentarase electronicamente empregando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Artigo 32. Cesións de dereitos de pagamento básico (procedemento MR241D)

1. A comunicación das cesións dos dereitos de pagamento básico realizarase de acordo ao establecido no artigo 30 do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro.
2. O período de comunicación iniciarase o 1 de novembro e finalizará cando remate o prazo de presentación da solicitude única do seguinte ano.
3. O cedente comunicará á persoa titular da Dirección do Fogga a cesión dos dereitos de pagamento básico sempre e cando a súa última solicitude única a presentase na Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Na Comunidade Autónoma de Galicia, as comunicacións destas cesións de dereitos presentarase polas mesmas vías establecidas no artigo 13.3 para a modificación da solicitude única.
5. Xunto coas comunicacións presentarase os documentos necesarios en función do tipo de cesión elixida tal e como se indica no anexo I.
6. A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do do-



cumento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

Artigo 33. *Período principal de cultivo*

De acordo co artigo 20.5 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, o período no cal se levará a cabo a verificación do número de cultivos e o cálculo das súas correspondentes porcentaxes, en función das características agroclimáticas e das prácticas tradicionais na rexión e segundo o establecido no número 1 do mesmo artigo, irá do 15 de xaneiro ao 15 de abril. As exixencias relativas ao número de cultivos e ás súas porcentaxes deberán respectarse todos os días do citado período.

Artigo 34. *Axuda asociada para as explotacións de ovino*

De acordo coa posibilidade establecida no artigo 71.3 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que poderán ser beneficiarios desta axuda os titulares de explotacións cun censo de femias elixibles igual ou superior a 10.

TÍTULO III

Solicitudes de pagamento das medidas de desenvolvemento rural no ámbito do SIXC

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 35. *Obxecto e ámbito*

Neste título regúlanse as solicitudes de pagamento das medidas de desenvolvemento rural no ámbito do Sistema integrado de xestión e control que se convocan na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.



CAPÍTULO II**Prima anual de mantemento asociada ás axudas de primeira forestación de terras non agrícolas (submedida 8.1)****Artigo 36. *Ámbito de aplicación***

Os beneficiarios que se indican no artigo seguinte poderán solicitar o pagamento dunha prima destinada ao coidado, mantemento e demais traballos posteriores á plantación que son necesarios para o logro da plantación realizada en terras agrícolas abandonadas.

Artigo 37. *Beneficiarios*

No ano 2018 poderán solicitar o pagamento da prima de mantemento aqueles beneficiarios que a teñen concedida sobre a base da Orde do 17 de xuño de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para o fomento da primeira forestación de terras non agrícolas, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e convócanse para o ano 2011 (DOG núm. 123, do 28 de xuño).

CAPÍTULO III**Pagamentos a zonas con limitacións naturais (medida 13)****Artigo 38. *Ámbito de aplicación***

Estas axudas concederanse aos agricultores que cumpran os requisitos para seren beneficiarios e as condicións de elixibilidade, co obxectivo de compensar as perdas de ingresos e os custos adicionais derivados das desvantaxes provocadas polas limitacións de distinta natureza que afrontan as explotacións agrarias nas zonas de montaña e noutras zonas con limitacións naturais distintas das de montaña.

Sección 1ª. *Pagamentos compensatorios en áreas de montaña (submedida 13.1)***Artigo 39. *Beneficiarios***

Os beneficiarios destas axudas deberán cumprir os requisitos de agricultor activo a que se refire o capítulo II do título preliminar desta orde. Ademais, estas axudas só se concederán aos agricultores non pluriactivos que se identificarán da seguinte maneira:

a) No caso das persoas físicas, serán aqueles que cumpran a condición de agricultor a título principal (ATP) ou explotación prioritaria.



b) No caso de persoas xurídicas o de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, os que cumpran a condición de explotación prioritaria.

Artigo 40. *Condicións de elixibilidade*

1. Será elixible a superficie agraria útil (SAU) situada en concellos de Galicia clasificados, en virtude do establecido no artigo 32, número 3 do Regulamento (UE) nº 1305/2013, do 17 de decembro, como zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas, e que no anexo V desta orde están clasificadas como zonas de montaña.

2. Poderán acceder a estas axudas as explotacións cun mínimo de 2 ha de superficie indemnizable (SI) nos concellos a que se refire o punto anterior, considerando que a superficie forraxeira so será elixible nas explotacións cunha carga gandeira maior ou igual a 0,7 UGM/ha.

Artigo 41. *Importe da axuda*

1. O importe da axuda será de ata 280 €/ha de SI Este importe será decrecente en función da superficie indemnizable, segundo se indica a continuación:

- a) Ás primeiras 5 ha de SI correspóndelles o 100 % do importe.
- b) Entre 5 e 25 has de SI o 75 %.
- c) Entre 25 e 100 ha de SI o 50 %.
- d) A partir de 100 ha de SI non se concede axuda.

2. A SI determinarase a partir da SAU situada no concello da explotación ou nos concellos adxacentes que estean clasificados como zona de montaña. Para o seu cálculo terase en conta o seguinte:

a) As superficies forraxeiras só se computarán nas explotacións que cumpran a condición de elixibilidade da carga gandeira.

b) Ás superficies de pastos arbustivos (PR) ou pastos arborados (PA) aplicaráselles un coeficiente redutor de 0,30.

c) Establécese un máximo de SI de 100 ha.



3. O importe da axuda nunca excederá dos 450 €/ha de SI, nin se pagará cando o importe sexa inferior a 25 €/ha de SI.

4. No caso de que o orzamento dispoñible sexa insuficiente para cubrir os pagamentos a todos os beneficiarios co importe máximo indicado no número 1 deste artigo, realizarase un rateo proporcional para axustar os pagamentos ao dito orzamento.

Sección 2ª. Pagamentos compensatorios en áreas con limitacións naturais (distintas de montaña) (submedida 13.2)

Artigo 42. Beneficiarios

Os beneficiarios destas axudas deberán cumprir os requisitos de agricultor activo aos que se refire o capítulo II do título preliminar desta orde. Ademais, estas axudas só se concederán aos agricultores non pluriactivos que se identificarán da seguinte maneira:

a) No caso das persoas físicas, serán aqueles que cumpran a condición de agricultor a título principal (ATP) ou explotación prioritaria.

b) No caso de persoas xurídicas o de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, os que cumpran a condición de explotación prioritaria.

Artigo 43. Condicións de elixibilidade

1. Será elixible a superficie agraria útil (SAU) situada en concellos de Galicia clasificados, en virtude do establecido no artigo 32, número 3 do Regulamento (UE) nº 1305/2013, do 17 de decembro, como zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas, e que no anexo V desta orde están clasificados como zonas distintas de montaña.

2. Poderán acceder a estas axudas as explotacións cun mínimo de 2 ha de superficie indemnizable (SI) nos concellos a que se refire o punto anterior, considerando que a superficie forraxeira so será elixible nas explotacións cunha carga gandeira maior ou igual a 0,9 UGM/ha.

Artigo 44. Importe da axuda

1. O importe da axuda será de ata 210 €/ha de SI. Este importe será decrecente en función da superficie indemnizable, segundo se indica a continuación:

a) Ás primeiras 5 ha de SI correspóndelles o 100 % do importe.



- b) Entre 5 e 25 has de SI o 75 %.
- c) Entre 25 e 100 ha de SI o 50 %.
- d) A partir de 100 ha de SI non se concede axuda.

2. A SI determinarase a partir da SAU situada no concello da explotación ou nos concellos adxacentes que estean clasificados como zona desfavorecida distinta de montaña. Para o seu cálculo terase en conta o seguinte:

- a) As superficies forraxeiras só se computarán nas explotacións que cumpran a condición de elixibilidade da carga gandeira.
- b) Ás superficies de pastos arbustivos (PR) ou pastos arborados (PA) aplicaráselles un coeficiente redutor de 0,30.
- c) Establécese un máximo de SI de 100 ha.

3. O importe da axuda nunca excederá dos 250 €/ha de SI, nin se pagará cando o importe sexa inferior a 25 €/ha de SI.

4. No caso de que o orzamento dispoñible sexa insuficiente para cubrir os pagamentos a todos os beneficiarios co importe máximo indicado no número 1 deste artigo, realizarase un rateo proporcional para axustar os pagamentos ao dito orzamento.

CAPÍTULO IV

Axudas de agroambiente e clima (submedida 10.1) e de agricultura ecolóxica (submedidas 11.1 e 11.2)

Sección 1ª. Elementos comúns para as axudas de agroambiente e clima e de agricultura ecolóxica

Artigo 45. *Elementos comúns*

En prol dunha maior claridade, nesta sección recóllense os elementos comúns que son de aplicación tanto ás axudas de agroambiente e clima como ás de agricultura ecolóxica.



Artigo 46. Tipos de solicitudes

Nestas axudas diferéncianse tres tipos de solicitudes:

a) Solicitudes de pagamento vinculadas a compromisos iniciados e aprobados ao abeiro da Orde do 10 de marzo de 2015 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control (DOG núm. 48, do 11 de marzo).

b) Solicitudes de pagamento vinculadas a compromisos iniciados e aprobados ao abeiro da Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control (DOG núm. 20, do 1 de febreiro).

c) Solicitudes de pagamento das axudas á agricultura ecolóxica vinculadas a compromisos iniciados e aprobados ao abeiro da Orde do 31 de xaneiro de 2017 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control.

Artigo 47. Liña de base

1. De acordo co indicado nos artigos 28 e 29 do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, as axudas de agroambiente e clima e de agricultura ecolóxica unicamente cubrirán os compromisos que imponían maiores exixencias que os requisitos obrigatorios correspondentes establecidos de conformidade co título VI, capítulo I, do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, os criterios e actividades mínimas pertinentes establecidos de conformidade co artigo 4, número 1, letra c), incisos ii) e iii), do Regulamento (UE) nº 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e os requisitos mínimos relativos á utilización de fertilizantes e produtos fitosanitarios, así como outros requisitos obrigatorios pertinentes establecidos no dereito nacional.

2. En cada axuda, a liña de base estará composta polos requisitos obrigatorios indicados no punto anterior que sexan pertinentes para os seus compromisos. Os requisitos que constitúen a liña de base de cada axuda identifícanse no anexo IX.



Artigo 48. Aconsellamento específico

1. As explotacións beneficiarias das axudas a que se refire esta sección deberán recibir o servizo de aconsellamento específico dunha entidade inscrita antes do 1 de xaneiro de 2018 no Rexistro de Entidades con Servizos de Aconsellamento ou Xestión de Galicia (Resaxega) ou coa solicitude de inscrición presentada antes desa data sempre e cando queden finalmente inscritas con data límite 31 de marzo de 2018.

2. Para verificar que as explotacións reciben o aconsellamento exixido, as entidades de aconsellamento indicadas polos interesados na solicitude única comunicarán ao Fogga con data límite 31 de xullo do ano de solicitude a información establecida no anexo X.

Sección 2ª. Agroambiente e clima (submedida 10.1)**Artigo 49. Ámbito de aplicación**

1. Estas axudas concederanse aos agricultores que se comprometan voluntariamente a realizar operacións consistentes nun ou varios compromisos agroambientais e climáticos na superficie agrícola da súa explotación, e compensarán os custos adicionais e as perdas de ingresos como consecuencia dos compromisos subscritos.

2. Os compromisos agroambientais e climáticos aos cales se poderán acoller os agricultores polas unidades de produción (superficies, colmeas ou animais) da súa explotación situadas na Comunidade Autónoma de Galicia son:

- a) Apicultura para a conservación da biodiversidade en zonas con limitacións naturais.
- b) Razas autóctonas en perigo de extinción.
- c) Xestión sustentable de pastos.
- d) Extensificación do vacún de leite.

Artigo 50. Incompatibilidades

Os compromisos de xestión sustentable de pastos e de extensificación do vacún de leite son incompatibles entre si.

Doutra banda, unicamente o compromiso de razas autóctonas en perigo de extinción é compatible coas axudas á agricultura ecolóxica reguladas na sección 3ª deste capítulo.



Subsección 1ª. Apicultura para a conservación da biodiversidade en zonas con limitacións naturais

Artigo 51. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios desta axuda os apicultores (persoas físicas ou xurídicas ou grupos de persoas físicas ou xurídicas) titulares dunha explotación inscrita no Rexistro de Explotacións Gandeiras (Rega) que cumpran as condicións de elixibilidade e se comprometan voluntariamente a respectar os compromisos indicados nos artigos seguintes.

Artigo 52. Condicións de elixibilidade

As explotacións beneficiarias deberán recibir o servizo de aconsellamento específico dunha entidade que cumpra o indicado no artigo 48.

Artigo 53. Compromisos

As explotacións beneficiarias asumirán os seguintes compromisos:

1. Manter un mínimo de 100 colmeas en municipios de Galicia designados como zonas de montaña segundo o indicado no anexo V e distribuídas, polo menos, en dúas alvarizas.
2. Manter, como mínimo, as colmeas comprometidas durante os anos que dura o compromiso. Para estes efectos consideraranse comprometidas e primables un máximo de 80 colmeas por alvariza que cumpra o exixido no compromiso seguinte.
3. A distancia entre as alvarizas do mesmo beneficiario será polo menos de 1 km. Ademais, para seren primables, as coordenadas de localización de cada alvariza figurarán obrigatoriamente na solicitude de pagamento e deberán constar na base de datos oficial do Rega.

Artigo 54. Duración dos compromisos

Os compromisos contraeranse por cinco anos e durante este período non será posible o incremento das colmeas comprometidas.

Os beneficiarios deberán presentar anualmente unha solicitude de pagamento dentro da solicitude única de axudas.



Artigo 55. *Importe da axuda*

Establécese unha axuda de 12 € por colmea situada en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia designados como zonas de montaña, cun máximo de 80 colmeas por alvariza que cumpra os compromisos.

Subsección 2ª. Razas autóctonas en perigo de extinción**Artigo 56. *Beneficiarios***

Poderán ser beneficiarios desta axuda os agricultores (persoas físicas ou xurídicas ou grupos de persoas físicas ou xurídicas) titulares dunha explotación inscrita no Rexistro de Explotacións Gandeiras (Rega) que cumpran as condicións de elixibilidade e se comprometan voluntariamente a respectar os compromisos indicados nos artigos seguintes.

Artigo 57. *Condicións de elixibilidade*

As explotacións beneficiarias deberán recibir o servizo de aconsellamento específico dunha entidade que cumpra o indicado no artigo 48 e non aplicar lodos de depuradora na integridade da superficie da explotación.

Artigo 58. *Compromisos*

As explotacións beneficiarias asumirán os seguintes compromisos:

1. Dispoñer de máis de 5 UGM primables dunha ou varias das razas autóctonas en perigo de extinción relacionadas no anexo VIII desta orde.
2. Cando se trate de especies de ovino, cabrún, equino e/ou bovino, manter na explotación unha carga gandeira mínima de 0,7 UGM/ha e máxima de 2 UGM/ha.
3. Manter, como mínimo, as UGM primables comprometidas de razas autóctonas en perigo de extinción durante os anos que dura o compromiso.
4. Participar no programa de mellora xenética da raza.

Artigo 59. *Duración dos compromisos*

Os compromisos contraeranse por cinco anos. Durante ese período será posible incrementar o número de UGM comprometidas a condición de que ese incremento sexa polo menos de 5 UGM e a duración inicial do compromiso se manteña.



Os beneficiarios deberán presentar anualmente unha solicitude de pagamento dentro da solicitude única de axudas.

Artigo 60. *Importe da axuda*

Establécese unha axuda de 175 €/UGM primable. Serán primables as UGM calculadas a partir de animais inscritos nos correspondentes libros xenealóxicos das razas.

Subsección 3ª. Xestión sustentable de pastos

Artigo 61. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarios desta axuda os agricultores (persoas físicas ou xurídicas ou grupos de persoas físicas ou xurídicas) titulares dunha explotación de bovino, ovino, cabrún e/ou equino inscrita no Rexistro de Explotacións Gandeiras (Rega) que cumpran as condicións de elixibilidade e se comprometan voluntariamente a respectar os compromisos indicados nos artigos seguintes.

Artigo 62. *Condicións de elixibilidade*

As explotacións beneficiarias deberán recibir o servizo de aconsellamento específico dunha entidade que cumpra o indicado no artigo 48 e non aplicar lodos de depuradora na integridade da superficie da explotación.

Artigo 63. *Compromisos*

1. As explotacións beneficiarias asumirán os seguintes compromisos:

- a) Dispoñer dun mínimo de 10 ha de superficie forraxeira indemnizable.
- b) Manter unha carga gandeira mínima de 0,7 UGM/ha e non superior a 2 UGM/ha.

c) Manter a superficie forraxeira comprometida durante os anos que dure o compromiso. Non obstante, o número de hectáreas ás cales se aplicará un compromiso poderá reducirse, sempre e cando non se comprometa o logro do compromiso; en calquera caso, a redución da superficie cuberta por unha submedida nunca poderá exceder o 10 % da superficie suxeita á mesma ao inicio do compromiso.



d) Non implantar cultivos nas superficies con pendentes maiores do 10 %, excepto para establecer pasteiros ou rexenerar o pasto.

e) A superficie de millo e outros cultivos forraxeiros (distintos de prados de menos de 5 anos) será menor ou igual ao 20 % da superficie forraxeira da explotación.

f) O pastoreo ocupará polo menos o 70 % da superficie de prados e pastos permanentes da explotación.

g) Manter actualizado un caderno de explotación co rexistro das actuacións de pastoreo. Este caderno terá o contido que se indica no anexo XI.

2. Para o cálculo da superficie indemnizable só se considerará a superficie forraxeira situada no concello da explotación ou limítrofes e que sexa obxecto destes compromisos. Para este cálculo non se computarán:

a) As superficies de uso en común.

b) As superficies de interese ecolóxico indicadas no artigo 24.2 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

3. Na superficie de pastos arbustivos e pastos arborados aplicarase un coeficiente reductor de 0,30 ao importe unitario da axuda.

4. Os compromisos non se aplicarán a parcelas fixas senón a nivel de superficie.

Artigo 64. *Duración dos compromisos e solicitude de pagamento*

Os compromisos contraeranse por cinco anos e durante este período non será posible o incremento das superficies comprometidas.

Os beneficiarios deberán presentar anualmente unha solicitude de pagamento dentro da solicitude única de axudas.

Artigo 65. *Importe da axuda*

Establécese unha axuda de 120 €/ha de superficie indemnizable salvo para os pastos arbustivos e pastos arborados que será de 36 €/ha.



*Subsección 4ª. Extensificación do vacún de leite***Artigo 66. Beneficiarios**

Poderán ser beneficiarios desta axuda os agricultores (persoas físicas ou xurídicas ou grupos de persoas físicas ou xurídicas) titulares dunha explotación inscrita no Rexistro de Explotacións Gandeiras (Rega) que cumpran as condicións de elixibilidade e se comprometan voluntariamente a respectar os compromisos indicados nos artigos seguintes.

Artigo 67. Condicións de elixibilidade

As explotacións beneficiarias deberán recibir o servizo de aconsellamento específico dunha entidade que cumpra o indicado no artigo 48 e non aplicar lodos de depuradora na integridade da superficie da explotación.

Artigo 68. Compromisos

1. As explotacións beneficiarias asumirán os seguintes compromisos:

a) Dispor dun mínimo de 10 ha de superficie forraxeira indemnizable.

b) Manter unha carga gandeira mínima de 0,7 UGM/ha e non superior a 2 UGM/ha.

c) Manter a superficie forraxeira comprometida durante os anos que dure o compromiso. Non obstante, o número de hectáreas ás cales se aplicará un compromiso poderá reducirse, sempre e cando non se comprometa o logro do compromiso; en calquera caso, a redución da superficie cuberta por unha submedida nunca poderá exceder o 10 % da superficie suxeita a ela ao inicio do compromiso.

d) Non implantar cultivos nas superficies con pendentes maiores do 10 %, excepto para establecer pasteiros ou rexenerar o pasto.

e) As UGM correspondentes aos animais de máis de 12 meses de razas bovinas de aptitude eminentemente leiteira deberán ser, polo menos, o 70 % do total de UGM da explotación.

f) A superficie de millo e outros cultivos forraxeiros (distintos de prados de menos de cinco anos) será menor ou igual ao 25 % da superficie forraxeira da explotación (excluíndo o pasto arbustivo e o pasto con arboredo).



g) O pastoreo ocupará polo menos o 50 % da superficie de prados (temporais e permanentes) da explotación.

h) Manter actualizado un caderno de explotación co rexistro das actuacións de pastoreo. Este caderno terá o contido que se indica no anexo XI.

2. Para o cálculo da superficie indemnizable só se considerará a superficie forraxeira situada no concello da explotación ou limítrofes e que sexa obxecto destes compromisos. Para este cálculo non se computarán:

a) As superficies de pastos arbustivos e pastos arborados.

b) As superficies de uso en común.

c) As superficies de interese ecolóxico indicadas no artigo 24.2 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

3. Os compromisos non se aplicarán a parcelas fixas senón a nivel de superficie.

Artigo 69. *Duración dos compromisos*

Os compromisos contraeranse por cinco anos e durante este período non será posible o incremento das superficies comprometidas.

Os beneficiarios deberán presentar anualmente unha solicitude de pagamento dentro da solicitude única de axudas.

Artigo 70. *Importe da axuda*

Establécese unha axuda de 170 €/ha de superficie indemnizable.

Subsección 5ª. Criterios de prioridade

Artigo 71. *Criterios de priorización*

1. Os criterios de prioridade que se aplicarán son os seguintes:

a) Solicitantes cuxas explotacións teñan polo menos o 30 por cento da superficie ou dos animais, no caso de non dispoñer de superficie, en concellos de montaña identificados



como tal no anexo V desta orde: 2 puntos. Este criterio non se aplica no caso da apicultura para a conservación da biodiversidade en zonas con limitacións naturais.

b) Solicitantes cuxas explotacións teñan polo menos o 30 por cento da superficie ou dos animais ou colmeas, no caso de non dispoñer de superficie, en Rede Natura 2000: 1 punto.

2. No caso de igualdade de puntos terán preferencia os solicitantes con menor proporción de superficie declarada de pastos arbustivos e arborados sobre a superficie total da explotación. Se se produce un empate na dita proporción, terán preferencia os solicitantes con maior número de unidades comprometidas.

Sección 3ª. Agricultura ecolóxica (medida 11)

Artigo 72. Ámbito de aplicación

1. Estas axudas concederanse aos agricultores que se comprometan voluntariamente a realizar operacións consistentes en compromisos relacionados coa agricultura ecolóxica. As axudas compensarán os custes adicionais e as perdas de ingresos como consecuencia dos compromisos subscritos.

2. Os compromisos de agricultura ecolóxica aos cales se poderán acoller os agricultores polas unidades de produción (superficies ou colmeas) da súa explotación localizadas na Comunidade Autónoma de Galicia son:

- a) Conversión á agricultura ecolóxica (submedida 11.1).
- b) Mantemento de agricultura ecolóxica (submedida 11.2).

Artigo 73. Incompatibilidades

Os compromisos indicados no artigo anterior son incompatibles entre si. Por outra banda, estes compromisos respecto ás axudas de agroambiente e clima reguladas na sección 2ª deste capítulo, unicamente serán compatibles co compromiso de razas autóctonas en perigo de extinción.

Subsección 1ª. Conversión á agricultura ecolóxica (submedida 11.1)

Artigo 74. Beneficiarios

1. Poderán ser beneficiarios desta axuda os agricultores (persoas físicas ou xurídicas ou grupos de persoas físicas ou xurídicas) titulares dunha explotación inscrita no corres-



pondente rexistro de explotacións, que reúnan a condición de agricultor activo segundo o establecido no capítulo I do título II do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, que cumpran as condicións de elixibilidade e se comprometan voluntariamente a respectar os compromisos indicados nos artigos seguintes.

2. En todo caso, só se poderán beneficiar desta axuda os agricultores nos que todas as unidades de produción (superficies e colmeas) da súa explotación inscritas nos rexistros de operadores de agricultura ecolóxica se encontren en período de conversión e este finalice a partir do 1 de xullo, incluído, do ano da solicitude de pagamento.

Artigo 75. *Condicións de elixibilidade*

As explotacións beneficiarias deberán recibir o servizo de aconsellamento específico dunha entidade que cumpra o indicado no artigo 48.

Artigo 76. *Compromisos*

1. As explotacións beneficiarias asumirán os seguintes compromisos:

a) Empregar as técnicas de produción ecolóxica establecidas no Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) nº 2092/1991, e demais normativa de aplicación durante todo o ano natural.

b) Estar inscrito no correspondente rexistro de operadores de agricultura ecolóxica.

c) Obter a certificación da produción agraria como ecolóxica, de acordo co Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello, do 28 de xuño.

d) Manter a superficie comprometida durante os anos que dure o compromiso. Non obstante, o número de hectáreas ás cales se aplicará un compromiso poderá reducirse, sempre e cando non se comprometa o logro do compromiso; en calquera caso, a redución da superficie cuberta por unha submedida nunca poderá exceder o 10 % da superficie suxeita a ela ao inicio do compromiso.

e) No caso de apicultura ecolóxica manteranse durante os anos que dura o compromiso, as colmeas comprometidas que como mínimo serán 80. Se se dispón de varias alvarizas, a distancia entre as alvarizas do mesmo beneficiario será polo menos de 1 km.



f) Manter actualizado o caderno de explotación exixido en agricultura ecolóxica para efectos dun control das producións. Este caderno terá o contido que se indica no anexo XI.

2. Os compromisos aplicaranse a parcelas fixas.

Artigo 77. Duración dos compromisos e solicitude de pagamento

1. Os compromisos contraeranse por un período de cinco anos divididos en dous tramos:

a) Conversión á agricultura ecolóxica. Estará suxeito ao establecido nesta subsección e terá unha duración máxima de dous anos en cultivos anuais e pastos e de tres anos en cultivos permanentes distintos de pastos.

b) Mantemento da agricultura ecolóxica. Estará suxeito ao establecido na seguinte subsección e estenderase o número de anos necesarios para completar o período de cinco anos de compromisos.

2. Durante todo o período de compromisos non será posible aumentar as unidades comprometidas.

3. Os beneficiarios deberán presentar anualmente unha solicitude de pagamento dentro da solicitude única de axudas.

Artigo 78. Importe da axuda

1. Establécense distintos importes de axuda por superficie indemnizable, que será aquela na cal se respectan os compromisos desta axuda. Non serán indemnizables as seguintes superficies:

a) As superficies de uso en común.

b) As superficies de interese ecolóxico indicadas no artigo 24.2 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

2. Os importes unitarios de axuda son os que se indican a continuación:

a) Agricultura ecolóxica:

1º. Cultivos herbáceos: 245 euros por hectárea de superficie indemnizable.



2º. Froiteiras (pebida e oso): 385 euros por hectárea de superficie indemnizable.

3º. Outras froiteiras (castiñeiro, etc.): 165 euros por hectárea de superficie indemnizable.

4º. Hortícolas aire libre: 469 euros por hectárea de superficie indemnizable.

5º. Hortícolas baixo plástico: 600 euros por hectárea de superficie indemnizable.

6º. Viñedo para vinificación: 897 euros por hectárea de superficie indemnizable.

b) Gandaría ecolóxica, considéranse indemnizables as superficies situadas no concello da explotación ou limítrofes, cos seguintes importes por grupo de cultivo:

1º. Prados e cultivos forraxeiros: 331 euros por hectárea de superficie indemnizable.

2º. Pastos arbustivos e arboredos: 99 euros por hectárea de superficie indemnizable.

c) Apicultura ecolóxica:

Establécese unha axuda de 35 euros por colmea en conversión, cun máximo de 80 colmeas por alvariza. Só se computarán as colmeas localizadas en alvarizas que estean a unha distancia de, polo menos, 1 km respecto do resto de alvarizas do mesmo apicultor. Ademais, para seren primables, as coordenadas de localización de cada alvariza figurarán obrigatoriamente na solicitude de pagamento e deberán constar na base de datos oficial do Rega.

Subsección 2ª. Mantemento de agricultura ecolóxica (submedida 11.2)

Artigo 79. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios desta axuda os agricultores (persoas físicas ou xurídicas ou grupos de persoas físicas ou xurídicas) titulares dunha explotación inscrita no correspondente rexistro de explotacións, que reúnan a condición de agricultor activo segundo o establecido no capítulo I do título II do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, que cumpran as condicións de elixibilidade e se comprometan voluntariamente a respectar os compromisos indicados nos artigos seguintes.



Artigo 80. Condicións de elixibilidade

As explotacións beneficiarias deberán recibir o servizo de aconsellamento específico dunha entidade que cumpra o indicado no artigo 48.

Artigo 81. Compromisos

1. As explotacións beneficiarias asumirán os seguintes compromisos:

a) Empregar as técnicas de produción ecolóxica establecidas no Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello, do 28 de xuño, e demais normativa de aplicación durante todo o ano natural.

b) Estar inscrito no correspondente rexistro de operadores de agricultura ecolóxica.

c) Obter a certificación da produción agraria como ecolóxica, de acordo co Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello, do 28 de xuño.

d) Manter a superficie comprometida durante os anos que dure o compromiso. Non obstante, o número de hectáreas ás cales se aplicará un compromiso poderá reducirse, sempre e cando non se comprometa o logro do compromiso; en calquera caso, a redución da superficie cuberta por unha submedida nunca poderá exceder o 10 % da superficie suxeita a ela ao inicio do compromiso.

e) En caso de apicultura ecolóxica manteranse durante os anos que dura o compromiso, as colmeas comprometidas que como mínimo serán 80. Se se dispón de varias alvarizas, a distancia entre as alvarizas do mesmo beneficiario será polo menos de 1 km.

f) Manter actualizado o caderno de explotación exixido en agricultura ecolóxica para efectos dun control das producións. Este caderno terá o contido que se indica no anexo XI.

2. Os compromisos aplicaranse a parcelas fixas.

Artigo 82. Duración dos compromisos e solicitude de pagamento

Os compromisos contraeranse por un período de cinco anos. Durante este período non será posible aumentar as unidades comprometidas.



Os beneficiarios deberán presentar anualmente unha solicitude de pagamento dentro da solicitude única de axudas.

Artigo 83. *Importe da axuda*

1. Establécense distintos importes de axuda por hectárea de superficie indemnizable, que será aquela en que se respectan os compromisos desta axuda. Non serán indemnizables as seguintes superficies:

a) As superficies de uso en común.

b) As superficies de interese ecolóxico indicadas no artigo 24.2 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

2. Os importe unitarios de axuda son os que se indican a continuación:

a) Agricultura ecolóxica:

1º. Cultivos herbáceos: 213 euros por hectárea de superficie indemnizable.

2º. Froiteiras (pebida e oso): 335 euros por hectárea de superficie indemnizable.

3º. Outras froiteiras (castiñeiro, etc.): 143 euros por hectárea de superficie indemnizable.

4º. Hortícolas aire libre: 408 euros por hectárea de superficie indemnizable.

5º. Hortícolas baixo plástico: 560 euros por hectárea de superficie indemnizable.

6º. Viñedo para vinificación: 780 euros por hectárea de superficie indemnizable.

b) Gandaría ecolóxica, considéranse indemnizables as superficies situadas no concello da explotación ou limítrofes cos seguintes importes por grupo de cultivo:

1º. Prados e cultivos forraxeiros: 288 euros por hectárea indemnizable.

2º. Pastos arbustivos e arboredos: 86 euros por hectárea indemnizable.



c) Apicultura ecolóxica:

Establécese unha axuda de 30 € por colmea, cun máximo de 80 colmeas por alvariza. Só se computarán as colmeas localizadas en alvarizas que estean a unha distancia de, polo menos, 1 km respecto do resto de alvarizas do mesmo apicultor. Ademais, para seren primables, as coordenadas de localización de cada alvariza figurarán obrigatoriamente na solicitude de pagamento e deberán constar na base de datos oficial do Rega.

*Subsección 3ª. Criterios de prioridade***Artigo 84. Criterios de priorización**

1. Os criterios de prioridade que se aplicarán son os seguintes:

a) Solicitantes cuxas explotacións teñan polo menos o 30 por cento da superficie ou dos animais ou colmeas, no caso de non dispoñer de superficie, en concellos de montaña identificados como tal no anexo V desta orde: 2 puntos.

b) Solicitantes cuxas explotacións teñan polo menos o 30 por cento da superficie ou dos animais ou colmeas, no caso de non dispoñer de superficie, en Rede Natura 2000: 1 punto.

2. No caso de igualdade de puntos terán preferencia os solicitantes con menor proporción de superficie declarada de pastos arbustivos e arborados sobre a superficie total da explotación. Se se produce un empate na dita proporción, terán preferencia os solicitantes con maior número de unidades comprometidas.

Disposición adicional primeira. Dotación orzamentaria

1. No que respecta aos réximes de pagamentos directos á agricultura e á gandaría recollidos no número 1 do artigo 2 desta orde, en concreto, os réximes de axuda comunitarios establecidos no Regulamento (UE) nº 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro de 2013, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, todas estas axudas son financiadas integramente polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) exercendo o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) como intermediario na súa xestión, polo que, en aplicación da disposición adicional décimo oitava da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da



Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, os expedientes correspondentes aos réximes indicados serán xestionados como operacións extraorxamentarias conforme o sinalado no artigo 46.4 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime orxamentario e financeiro de Galicia.

Non obstante o anterior, todos os actos e documentos de xestión deses expedientes serán obxecto de fiscalización previa nos termos establecidos no artigo 95.1.a) do citado Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

2. No que respecta aos réximes de axuda establecidas no título III desta orde, cofinanciados ao 75 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), a concesión das axudas realizarase con cargo aos orxamentos de gastos do Fogga e da Dirección Xeral de Ordenación Forestal conforme os orxamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2018, nas seguintes aplicacións orxamentarias:

a) Aplicación 13.02.713B.770.0, compromisos da anualidade 2018 das primas anuais de mantemento xa concedidas e asociadas ás axudas de forestación de terras non agrícolas por importe de douscentos cincuenta e cinco mil catrocentos setenta e un con dezaseis (255.471,16) euros.

b) Aplicación 13.80.712B.772.1:

1º. Pagamentos a zonas con limitacións naturais, por importe de dezasete millóns cincocentos mil (17.500.000,00) euros.

2º. Compromisos para o exercicio 2018, nas axudas relativas á medida de agroambiente e clima, por importe de catorce millóns seiscentos noventa e cinco mil novecentos setenta e seis con once (14.695.976,11) euros.

3º. Compromisos para o exercicio 2018 nas axudas relativas á medida de agricultura ecolóxica, por importe de dous millóns cincocentos sesenta e seis mil douscentos corenta e nove con sesenta (2.566.249,60) euros.

Disposición adicional segunda. *Incremento das dotacións previstas*

De acordo co previsto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as dotacións orxamentarias indicadas na disposición anterior poderán incrementarse,



sen necesidade dunha nova convocatoria, cando se produza un incremento dos créditos derivado:

a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación do crédito.

b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Disposición adicional terceira. *Participación das oficinas agrarias comarcais.*

As oficinas agrarias comarcais colaborarán na tramitación das axudas referidas ás explotacións agrarias sitas no seu ámbito de actuación.

Disposición adicional cuarta. *Normativa de aplicación*

En todo o non previsto nesta orde deberá respectarse a normativa comunitaria de aplicación e a normativa estatal de transposición, entre outras, as seguintes disposicións:

a) Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2014, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello.

b) Regulamento (UE) nº 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº 637/2008 e (CE) nº 73/2009 do Consello.

c) Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº 352/1978, (CE) nº 165/1994, (CE) nº 2799/1998, (CE) nº 814/2000, (CE) nº 1290/2005 e (CE) nº 485/2008 do Consello.

d) Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013.

e) Regulamento delegado (UE) nº 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014 polo que se completa o Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao Sistema integrado de xestión e control e ás condicións sobre a dene-



gación ou retirada dos pagamentos e sobre as sancións administrativas aplicables aos pagamentos directos, á axuda ao desenvolvemento rural e á condicionalidade.

f) Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro de 2014, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.

g) Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro de 2014, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común.

h) Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro de 2014, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas.

i) Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro de 2014, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola.

Disposición adicional quinta. *Normativa de aplicación na tramitación da prima anual de mantemento asociada ás axudas de primeira forestación de terras non agrícolas*

Así mesmo, para os efectos da tramitación da prima anual de mantemento asociada ás axudas de primeira forestación de terras non agrícolas tamén será de aplicación o establecido na Orde do 17 de xuño de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para o fomento da primeira forestación de terras non agrícolas, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2011 (DOG núm. 123, do 28 de xuño).

Disposición adicional sexta. *Condicionalidade das axudas de pagamentos compensatorios en áreas con limitacións naturais (distintas de montaña) da submedida 13.2 do PDR de Galicia 2014-2020*

A tramitación das axudas de pagamentos compensatorios en áreas con limitacións naturais (distintas de montaña) da submedida 13.2, queda supeditada á aprobación pola Comisión Europea, dos correspondentes actos de execución para a modificación do PDR de Galicia 2014-2020.



Disposición adicional sétima. *Procedemento do pagamento por compromisos silvoambientais e climáticos e conservación de bosques, da submedida 15.1*

A publicación pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio das bases reguladoras e convocatoria da submedida 15.1 do PDR de Galicia 2014-2020, permitirá tramitar as solicitudes de axuda e solicitudes de pagamento correspondentes ao pagamento por compromisos silvoambientais e climáticos e conservación de bosques. Unha vez finalizado o prazo de presentación incluído ou, de ser o caso, de modificación, desas solicitudes, o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) porá á disposición da devandita consellería, como organismo responsable da xestión destas axudas, toda a información relacionada coas solicitudes recibidas co fin de que por parte desta se continúe coa tramitación e finalización dos expedientes.

Disposición adicional oitava. *Obrigas de información*

Ademais da documentación complementaria que, durante a tramitación do procedemento, lles poidan exixir os órganos competentes para a xestión de cada axuda ou prima, os solicitantes das axudas previstas nesta orde teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polo Servizo de Auditoría Interna dos fondos agrarios europeos do organismo pagador, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lles sexa solicitada por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Así mesmo, para as medidas cofinanciadas polo Feader, os solicitantes das axudas previstas nesta orde teñen a obriga de facilitar á autoridade de xestión, aos avaliadores designados ou a outros organismos en que a dita autoridade delegue a realización deste tipo de tarefas, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e a avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento de determinados obxectivos e prioridades, de conformidade co disposto no artigo 71 do Regulamento (UE) nº 1305/2013.

Disposición adicional novena. *Reintegro de axudas e pagamentos indebidos*

Aos beneficiarios das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de reintegro, así como o réxime de infraccións e sancións previsto no Regulamento (UE) 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo, polo que se completa o Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao Sistema integrado de xestión e control e ás condicións sobre a denegación ou retirada dos pagamentos



e sobre as sancións administrativas aplicables aos pagamentos directos, á axuda ao desenvolvemento rural e á condicionalidade, e o Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao Sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

Disposición adicional décima. *Publicidade das axudas*

Nos termos establecidos no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Fogga publicará no DOG as axudas concedidas excepto no suposto previsto no artigo 15.2.c) en que poderán utilizarse outros procedementos para darlles publicidade. En calquera caso, todas as axudas concedidas se publicarán na páxina web da Consellería do Medio Rural, nos termos previstos no artigo 17.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Disposición adicional undécima. *Modelos normalizados*

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos presentaranse por medios electrónicos accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán presentalos presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Disposición adicional duodécima. *Base de datos nacional de subvencións*

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas todas as disposicións de igual rango ou inferior a esta orde en todo aquilo no que non estean de acordo co establecido nela.



Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase a persoa titular da Dirección do Fondo Galego de Garantía Agraria, no ámbito das súas competencias, para ditar as instrucións precisas para a execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira do Medio Rural

ANEXO I
Documentación complementaria

A. Solicitud única, Alegacións e solicitudes de modificación do Sixpac, Solicitud de dereitos de pagamento básico da reserva nacional e Cesións de dereitos de pago básico.

a) Copia do DNI do solicitante no caso de persoas físicas que deneguen expresamente a consulta dos datos de identidade na Dirección Xeral da Policía.

b) Copia do NIF cando o solicitante non sexa persoa física.

c) Copia do DNI do representante legal cando o solicitante non sexa persoa física.

d) Documentación de autorización de sinatura se o solicitante non é persoa física ou, sendo persoa física, non é quen presenta a solicitud. No caso de persoas físicas, esta documentación consistirá nun documento de autorización asinado polo autorizante e polo autorizado ao cal se xuntarán as copias dos DNI en vigor, de ambos os dous.

B. Solicitud única.

Ademais da documentación indicada la letra A deste anexo e da documentación adicional indicada no punto V do anexo VII do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, presentárase a documentación que se relaciona a continuación:

1. Para as solicitudes con declaración de parcelas:

Certificado da entidade xestora, segundo o modelo do anexo IV-A, no caso de superficies de uso en común onde existan pastos permanentes utilizados conxuntamente por



varios produtores. No caso de superficies que xa dispoñen de código, a relación de recintos Sixpac e os tipos de pasto que a compoñen, deberán ser remitidas polo representante da entidade ao servizo territorial do Fogga.

2. Para acreditar a condición de agricultor activo:

a) Persoas físicas que deneguen expresamente a autorización para recadar da Axencia Estatal da Administración Tributaria a información fiscal necesaria ou ben para persoas físicas que pertencen a unha integradora de gando:

1º. Declaración do IRPF correspondente ao período impositivo dispoñible máis recente. Se non se fixo nunca a declaración do IRPF, achegarse o impreso de alta censual (modelo 036 ou 037).

2º. Certificación que acredite a procedencia dos rendementos do traballo do declarante, cónxuxe ou de ambos os dous, no caso de que na declaración do IRPF presentada figuren estes.

b) Persoas xurídicas ou grupos de persoas físicas ou xurídicas. De ser o caso, por petición do órgano xestor deberán achegar a documentación xustificativa dos ingresos agrarios declarados na súa solicitude única:

1º. Declaración informativa anual de entidades en réxime de atribución de rendas (S.C. ou C.B.).

2º. Outra documentación acreditativa dos ingresos agrarios do solicitante.

Persoas físicas, xurídicas ou grupos de persoas físicas ou xurídicas que deneguen expresamente a autorización para recadar da Axencia Estatal da Administración Tributaria a información fiscal ou a petición do órgano xestor, deberán presentar o certificado do imposto sobre actividades económicas (IAE) das súas actividades e, de ser o caso, das súas entidades asociadas tal e como se entenden no artigo 8.1 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

3. Para o pagamento para prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente.

Certificado que acredite a produción ecolóxica nos recintos declarados con este tipo de produción cando se denegue expresamente a autorización para consultar os datos



de consellos reguladores, marcas de calidade, organismos de control ou entidades asociativas.

4. Pagamento suplementario para os agricultores mozos que comecen a súa actividade agrícola:

1º. Se é o caso, documentación que acredite un nivel de capacitación agraria suficiente.

2º. Cando o solicitante non sexa persoa física, documentación que permita verificar que os agricultores mozos exercen o control efectivo da persoa xurídica, é dicir, que a súa participación no capital social é máis da metade do capital social desta e que posúen máis da metade dos dereitos de voto dentro dela.

5. Para as axudas ao desenvolvemento rural:

a) Prima anual de mantemento asociada ás axudas de primeira forestación de terras non agrícolas.

1º. Facturas que cumpran as exixencias que establece a Axencia Tributaria (Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro).

2º. Xustificante bancario do pagamento polo beneficiario (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo na entidade, certificación bancaria, etc.).

3º. No caso de que o beneficiario realice os traballos polos seus propios medios, un documento xustificativo de tal circunstancia, no cal figurarán horas de traballo/superficie, custo/hora,... e de posuír a maquinaria empregada na realización dos traballos, xunto cos xustificantes dos gastos polo importe total do investimento.

4º. Declaración doutras axudas segundo o modelo do anexo XII.

b) Pagamentos a zonas con limitacións naturais. No caso das persoas físicas que non teñan a condición de explotación prioritaria:

1º. Declaración do IRPF do exercicio fiscal de 2017.

2º. Certificación que acredite a procedencia dos rendementos do traballo do declarante, cónxuxe ou de ambos, no caso de que na declaración do IRPF presentada figuren estes.



3º. Informe de vida laboral do solicitante. Non será exigible se o solicitante autoriza o Fogga para solicitar directamente á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información suficiente que xustifique tal circunstancia.

Non serán exigibles os documentos anteriores se o solicitante autoriza o Fogga para solicitar directamente á Axencia Estatal da Administración Tributaria e á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información necesaria para xustificar a súa condición de agricultor a título principal.

c) Agroambiente e clima e agricultura ecolóxica.

No caso de non autorizar o órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos, os solicitantes destas axudas deberán achegar a documentación necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos e compromisos aplicables a cada liña de axuda:

1º. Para todas as liñas de axuda: informe dunha entidade inscrita no Rexistro de Entidades con Servizos de Asesoramento ou Xestión de Galicia (Resaxega) que acredite que o solicitante recibe o asesoramento especializado.

2º. Razas autóctonas en perigo de extinción:

– Certificado da Asociación Xestora do Libro Xenealóxico Oficial da Raza ou da asociación oficialmente recoñecida que teña como obxectivo a mellora e conservación da raza autóctona en perigo de extinción pola que se solicita a axuda, onde se indica que o solicitante da axuda ten a condición de socio da asociación e a relación de animais pertencentes ao solicitante que están inscritos nos libros ou rexistros correspondentes, con indicación expresa, de ser o caso, da súa identificación individual, data de nacemento e sexo.

– Certificado asinado polo técnico responsable do Programa de mellora xenética de participación do solicitante no citado programa.

3º. Agricultura ecolóxica: certificados do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) que acrediten a inscrición no correspondente rexistro de operadores de agricultura ecolóxica así como o respecto das técnicas de produción ecolóxica establecidas no Regulamento (CE) nº 834/2007 e demais normativa de aplicación.



C. Alegacións e solicitudes de modificación do Sixpac.

Ademais da documentación indicada na letra A deste anexo deberase presentar a seguinte documentación en función do tipo de alegación solicitada.

1. Tipos de alegacións:

Tipo	Definición
1	Cambio de uso nun recinto completo
2	Cambio de sistema de explotación (secaño/regadío) para todos os usos Sixpac agás os usos non agrarios nun recinto completo
3	Partición dun recinto para cambiar o uso dunha parte deste
4	Partición dun recinto para cambiar o sistema de explotación (secaño/regadío) dunha parte deste
5	Existencia de parcela situada en zona urbana que ten uso agrícola
9	Cambio do CAP nun recinto completo de pastos
11	Elementos da paisaxe: inclusión, eliminación, cambio de tipoloxía e/ou modificación de xeometría
12	Reinicio da actividade agraria nun recinto por algunha destas circunstancias: <ul style="list-style-type: none"> • Recinto con cultivo abandonado. Incidencia 117 • Barbeito de máis de 5 anos. Incidencia 158 • Superficie queimada. Incidencia 159
13	Outras non previstas anteriormente
14	Partición dun recinto de pastos para cambiar o CAP nunha parte deste

2. Documentación para cada tipo de alegación:

Tipo de documentación	Obriga de presentala segundo o tipo de alegación
Delimitación gráfica da alínea de declaración das superficies da solicitude única ou a saída gráfica obtida a través do visor Sixpac. Delimitando por medio de bosquejo acoutado ou en formato electrónico WKT ou shape o cambio proposto sobre o recinto afectado.	Sempre
Copia da comunicación ou da autorización preceptiva nos cambios de actividade forestal a agrícola e viceversa (artigos 60 a 62 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia).	Para os tipos 1 e 3, se procede en función dos usos inicial e proposto
Acreditación de que os cambios alegados figuran actualmente na Oficina Virtual de Catastro	Para os tipos 2 e 4 se o cambio é de regadío a secaño
Certificado de dereitos de rega ou rexistro de auga expedido pola Administración hidráulica competente	Para os tipos 2 e 4 sempre
Saída gráfica do catastro de urbana coa parcela catastral obxecto da alegación	Para o tipo 5 sempre
Memoria descritiva que xustifique a necesidade da eliminación ou modificación do elemento estrutural	Para o tipo 11 cando se trate dunha alteración dun elemento da paisaxe existente
Autorización do organismo competente no ámbito forestal, ambiental, hidráulico, etc., en caso de que sexa necesaria	Para o tipo 11 cando se trate dunha alteración dun elemento da paisaxe existente
Fotografías datadas, indicando sobre a saída gráfica, o punto onde se tomaron e a dirección	Sempre agás para os tipos 2 e 4
Outra documentación xustificativa das alegacións ao Sixpac presentadas que se considere conveniente	



D. Solicitude de dereitos de pagamento básico da reserva nacional.

Ademais da documentación indicada na letra A deste anexo deberase presentar a documentación que se indica no anexo V do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro.

E. Cesións de dereitos de pagamento básico.

Ademais da documentación indicada na letra A deste anexo deberase presentar a documentación necesaria para xustificar o tipo de cesión solicitado de acordo co indicado no anexo VI do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro.

ANEXO II Razas bovinas de aptitude láctea

Angler Rotvieh (Ageln) - Rød dansk mælkerace (RMD). – German Red – Lithuanian Red Ayreshire.

Armoricaïne.

Bretonne Pie- noire.

Frisona.

Groninger Blaarkop.

Guernsey.

Jersey.

Malkeborhorn.

Reggiana.

Valdostana nera.

Itäsuomenkarja.

Länsisuomenkarja.

Pohjoissuomenkaja.

Fleckvieh.

Montebeliard.

Parða.

ANEXO III

Zonas de concentración parcelaria en que se admiten referencias identificativas correspondentes a planos de concentración

Provincia	Concello		Código zona	Nome da zona	
15	A Coruña	1	Abegondo	1	Vizoño-Vilacoba II
15	A Coruña	6	Arzúa	1	Dombodán
15	A Coruña	12	Boqueixón	1	Boqueixón-Granxa II
15	A Coruña	26	Cesuras	2	Borrifáns
15	A Coruña	26	Oza-Cesuras	4	Filgueira de Barranca-Trasanquelos
15	A Coruña	29	Coristanco	1	Couso



Provincia	Concello		Código zona	Nome da zona	
15	A Coruña	46	Mazaricos	1	Arcos
15	A Coruña	47	Melide	1	Maceda-Orois
15	A Coruña	48	Mesía	6	Xanceda-Mesía II
15	A Coruña	55	Narón	2	Lago-Meirás-Val
15	A Coruña	60	Ordes	2	Beán-Pereira II
15	A Coruña	60	Ordes	5	Mercurín-Lesta II
15	A Coruña	60	Ordes	6	Parada II
15	A Coruña	61	Oroso	1	Ánxeles-Calvente-Pasarelos-Marzoa II
15	A Coruña	61	Oroso	2	Senra-Cárdama-Villaromarís
15	A Coruña	67	O Pino	7	Monte de Santa María de Budiño
15	A Coruña	80	Santiso	8	Novela-Liñares-Pezobrés
15	A Coruña	80	Santiso	9	Niñodaguaia-Serantes (2º sector)
15	A Coruña	86	Touro	1	Monte de San Miguel de Vilar
15	A Coruña	94	Zas	1	Baio
27	Lugo	1	Abadín	5	Fanoi
27	Lugo	2	Alfoz	1	Pereiro-As Oiras
27	Lugo	2	Alfoz	2	Val de Alfoz
27	Lugo	4	Baleira	3	Fonteo
27	Lugo	4	Baleira	4	Pousada
27	Lugo	4	Baleira	5	A Braña
27	Lugo	10	Castro de Rei	1	Ramil
27	Lugo	10	Castro de Rei	2	San Xiao de Mos
27	Lugo	30	Mondoñedo	1	Zona Norte
27	Lugo	30	Mondoñedo	2	Sasdónigas
27	Lugo	54	Riotorto	1	Orrea-Galegos
27	Lugo	63	O Valadouro	2	Frexulfe
32	Ourense	2	Allariz	1	San Vitoiro-Urrós
32	Ourense	21	Cartelle	1	Vilardevacas
32	Ourense	21	Cartelle	2	Cartelle
32	Ourense	21	Cartelle	3	Mundil
32	Ourense	37	Xunqueira de Ambía	2	A Graña
32	Ourense	48	A Merca	1	Faramontaos-Proente
32	Ourense	63	Porqueira	1	Porqueira II
32	Ourense	85	Verea	1	Verea
32	Ourense	86	Verín	1	Mandín-Feces
32	Ourense	86	Verín	2	Mourazos-Tamagos-Tamaguelos
36	Pontevedra	13	O Covelo	1	Prado-Godóns
36	Pontevedra	13	O Covelo	2	A Graña-Campo
36	Pontevedra	13	O Covelo	3	Barcia de Mera
36	Pontevedra	17	A Estrada	1	Arca
36	Pontevedra	17	A Estrada	2	Montes de Val do Veá Sector II



Provincia	Concello		Código zona	Nome da zona	
36	Pontevedra	17	A Estrada	3	Codeseda
36	Pontevedra	18	Forcarei	1	Meavía-Quintillán
36	Pontevedra	24	Lalín	5	Vilatuxe
36	Pontevedra	59	Vila de Cruces	1	Duxame-Insua-Portodemouros

ANEXO IV-A

Certificación de aproveitamento de pastos permanentes de uso en común. Solicitud única de axudas PAC/DR. Campaña 2018

Don/Dona..... con DNI..... e
teléfono....., actuando en calidade de secretario/presidente da entidade.....
(rísquese o que non proceda)

.....
co NIF..... e código de comunal, do lugar de,
parroquia de, concello de

CERTIFICO:

Primeiro:

Que a superficie neta total de pastos permanentes de uso en común no dito comunal é de..... ha.

Segundo:

Que Don/Dona....., co NIF..., aproveita nesta superficie de uso en común as superficies netas de:

Utilización	Superficie neta (ha) (*)
A- Pateiros ou prados \geq 5 anos	
B- Pasto arbustivo ou pasto con arboredo	

E para que así conste, e unicamente para os efectos de declaración de pastos permanentes na solicitude única de axudas PAC/DR-2018, expido esta certificación.

..., ... de... de 2018

Sinatura

(*) Superficies de pasto permanente totais individuais, dependendo da porcentaxe que lle corresponda da superficie neta total de pastos en cada utilización.



ANEXO IV-B
**Relación de parcelas ou recintos con pastos permanentes de uso en común.
Axudas PAC/DR. Campaña 2018**

Don/Dona con DNI
e teléfono, actuando en calidade de secretario/presidente da entidade....
(rísquese o que non proceda)

.....
co NIF..... e código de comunal, do lugar de,
parroquia de, concello de

CERTIFICO:

Primeiro:

Que a superficie neta total de pastos permanentes de uso en común no dito comunal é de ha.

Segundo:

Que a relación de recintos Sixpac e o tipo de pastos permanentes en que se descompón esa superficie é:

Referencias identificativas									Propiedades da referencia					Utilización		
Nº orde	Provincia	Concello (catastral)		Tipo ref.	Zona	Polígono	Parcela	Recinto	Sup. total (ha)	Uso Sixpac	Cap. (1)		Sup. admisible (ha)	Sup. sem. total (ha)	Código (2)	Sup. neta (ha) (3)
		Cód.	Nome								Cap. ofi.	Cap. pro.				

Observacións:

(1) CAP = coeficiente de admisibilidade do pasto correspondente ao recinto Sixpac, se o uso do recinto é «PR» ou «PA» expresado en porcentaxe sen decimais.

CAP OFI: valor do CAP oficial do recinto.

CAP PROP: valor do CAP proposto no recinto. De acordo co artigo 19 da orde, revisarase esta porcentaxe e, no caso de modificala, anotarase un dos valores seguintes: 25, 35, 45, 55, 65, 75, 85 ou 100.



(2) Póñase A ou B:

A = pasteiros ou prados \geq 5 anos.

B = pasto arbustivo ou pasto con arboredo.

(3) No caso de utilización «A», coincidirá coa sup. sem. total.

No caso de utilización «B» na cal non se actualiza o CAP, sup. neta = sup. sem. total \times CAP OFI.

No caso de utilización «B», cando se actualiza o CAP PROP, sup. neta = sup. sem. total \times CAP PROP.

....., de de 2018.

O representante

Asdo.:

ANEXO V

Zonas de montaña e zonas con limitacións específicas na Comunidade Autónoma de Galicia

Os concellos de Galicia recollidos na táboa e mapa que figuran a continuación están incluídos na lista comunitaria de zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas segundo se definen no artigo 32 do Regulamento (UE) nº 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

	Concello	Comarca	Provincia	Clasificación
15001	Abegondo	A Coruña	A Coruña	Zona distinta de montaña
15002	Ames	Santiago	A Coruña	Zona distinta de montaña
15003	Aranga	Betanzos	A Coruña	Zona de montaña
15004	Ares	Ferrol	A Coruña	Zona distinta de montaña
15006	Arzúa	Arzúa	A Coruña	Zona distinta de montaña
15008	Bergondo	A Coruña	A Coruña	Zona distinta de montaña
15009	Betanzos	Betanzos	A Coruña	Zona distinta de montaña
15010	Boimorto	Arzúa	A Coruña	Zona distinta de montaña
15011	Boiro	Barbanza	A Coruña	Zona distinta de montaña
15012	Boqueixón	Santiago	A Coruña	Zona distinta de montaña
15013	Brión	Santiago	A Coruña	Zona distinta de montaña
15015	Cabanas	Eume	A Coruña	Zona distinta de montaña
15016	Camarifas	Terra de Soneira	A Coruña	Zona distinta de montaña
15017	Cambre	A Coruña	A Coruña	Zona distinta de montaña
15018	A Capela	Eume	A Coruña	Zona de montaña
15019	Carballo	Bergantiños	A Coruña	Zona distinta de montaña
15020	Carnota	Muros	A Coruña	Zona distinta de montaña
15021	Carral	A Coruña	A Coruña	Zona distinta de montaña
15022	Cedeira	Ferrol	A Coruña	Zona de montaña
15023	Cee	Fisterra	A Coruña	Zona distinta de montaña
15024	Cerceda	Ordes	A Coruña	Zona distinta de montaña
15025	Cerdido	Ortegal	A Coruña	Zona de montaña
15027	Coirós	Betanzos	A Coruña	Zona de montaña

CVE-DOG: 90rzq4h6-wme2-xfj8-0yr7-69mlbxvk6ya0



Concello		Comarca	Provincia	Clasificación
15028	Corcubión	Fisterra	A Coruña	Zona distinta de montaña
15030	A Coruña	A Coruña	A Coruña	Zona distinta de montaña
15031	Culleredo	A Coruña	A Coruña	Zona distinta de montaña
15032	Curtis	Betanzos	A Coruña	Zona distinta de montaña
15033	Dodro	O Sar	A Coruña	Zona distinta de montaña
15034	Dumbría	Fisterra	A Coruña	Zona distinta de montaña
15035	Fene	Ferrol	A Coruña	Zona distinta de montaña
15036	Ferrol	Ferrol	A Coruña	Zona distinta de montaña
15037	Fisterra	Fisterra	A Coruña	Zona distinta de montaña
15038	Frades	Ordes	A Coruña	Zona distinta de montaña
15039	Irixoa	Betanzos	A Coruña	Zona distinta de montaña
15040	Laxe	Bergantiños	A Coruña	Zona distinta de montaña
15041	A Laracha	Bergantiños	A Coruña	Zona distinta de montaña
15042	Lousame	Noia	A Coruña	Zona distinta de montaña
15044	Mañón	Ortegal	A Coruña	Zona de montaña
15045	Mazaricos	Xallas	A Coruña	Zona distinta de montaña
15046	Melide	Terra de Melide	A Coruña	Zona distinta de montaña
15047	Mesía	Ordes	A Coruña	Zona distinta de montaña
15048	Miño	Betanzos	A Coruña	Zona distinta de montaña
15049	Moeche	Ferrol	A Coruña	Zona distinta de montaña
15050	Monfero	Eume	A Coruña	Zona de montaña
15051	Mugardos	Ferrol	A Coruña	Zona distinta de montaña
15052	Muxía	Fisterra	A Coruña	Zona distinta de montaña
15053	Muros	Muros	A Coruña	Zona distinta de montaña
15054	Narón	Ferrol	A Coruña	Zona distinta de montaña
15055	Neda	Ferrol	A Coruña	Zona distinta de montaña
15056	Negreira	A Barcala	A Coruña	Zona distinta de montaña
15057	Noia	Noia	A Coruña	Zona distinta de montaña
15058	Oleiros	A Coruña	A Coruña	Zona distinta de montaña
15059	Ordes	Ordes	A Coruña	Zona distinta de montaña
15060	Oroso	Ordes	A Coruña	Zona distinta de montaña
15061	Ortigueira	Ortegal	A Coruña	Zona de montaña
15062	Outes	Noia	A Coruña	Zona distinta de montaña
15064	Paderne	Betanzos	A Coruña	Zona distinta de montaña
15065	Padrón	O Sar	A Coruña	Zona distinta de montaña
15066	O Pino	Arzúa	A Coruña	Zona distinta de montaña
15067	A Pobra do Caramiñal	Barbanza	A Coruña	Zona distinta de montaña
15069	Pontedeume	Eume	A Coruña	Zona distinta de montaña
15070	As Pontes de García Rodríguez	Eume	A Coruña	Zona de montaña
15071	Porto do Son	Noia	A Coruña	Zona distinta de montaña
15072	Rianxo	Barbanza	A Coruña	Zona distinta de montaña
15073	Ribeira	Barbanza	A Coruña	Zona distinta de montaña



Concello		Comarca	Provincia	Clasificación
15074	Rois	O Sar	A Coruña	Zona distinta de montaña
15076	San Sadurniño	Ferrol	A Coruña	Zona de montaña
15078	Santiago de Compostela	Santiago	A Coruña	Zona distinta de montaña
15079	Santiso	Terra de Melide	A Coruña	Zona distinta de montaña
15080	Sobrado	Terra de Melide	A Coruña	Zona distinta de montaña
15081	As Somozas	Ferrol	A Coruña	Zona de montaña
15082	Teo	Santiago	A Coruña	Zona distinta de montaña
15083	Toques	Terra de Melide	A Coruña	Zona distinta de montaña
15084	Tordoia	Ordes	A Coruña	Zona distinta de montaña
15085	Touro	Arzúa	A Coruña	Zona distinta de montaña
15086	Trazo	Ordes	A Coruña	Zona distinta de montaña
15087	Valdoviño	Ferrol	A Coruña	Zona distinta de montaña
15089	Vedra	Santiago	A Coruña	Zona distinta de montaña
15090	Vilasantar	Betanzos	A Coruña	Zona distinta de montaña
15091	Vilarmaior	Betanzos	A Coruña	Zona distinta de montaña
15901	Cariño	Ortegal	A Coruña	Zona de montaña
15902	Oza-Cesuras	Betanzos	A Coruña	Zona distinta de montaña
27001	Abadín	Terra Chá	Lugo	Zona de montaña
27002	Alfoz	A Mariña Central	Lugo	Zona de montaña
27003	Antas de Ulla	A Ulloa	Lugo	Zona distinta de montaña
27004	Baleira	A Fonsagrada	Lugo	Zona de montaña
27005	Barreiros	A Mariña Oriental	Lugo	Zona distinta de montaña
27006	Becerreá	Os Ancares	Lugo	Zona de montaña
27007	Begonte	Terra Chá	Lugo	Zona distinta de montaña
27008	Bóveda	Terra de Lemos	Lugo	Zona distinta de montaña
27009	Carballedo	Chantada	Lugo	Zona de montaña
27010	Castro de Rei	Terra Chá	Lugo	Zona distinta de montaña
27011	Castroverde	Lugo	Lugo	Zona distinta de montaña
27012	Cervantes	Os Ancares	Lugo	Zona de montaña
27013	Cervo	A Mariña Occidental	Lugo	Zona distinta de montaña
27014	O Corgo	Lugo	Lugo	Zona distinta de montaña
27015	Cospeito	Terra Chá	Lugo	Zona distinta de montaña
27016	Chantada	Chantada	Lugo	Zona de montaña
27017	Folgosos do Courel	Quiroga	Lugo	Zona de montaña
27018	A Fonsagrada	A Fonsagrada	Lugo	Zona de montaña
27019	Foz	A Mariña Central	Lugo	Zona distinta de montaña
27020	Friol	Lugo	Lugo	Zona distinta de montaña
27021	Xermade	Terra Chá	Lugo	Zona de montaña
27022	Guitiriz	Terra Chá	Lugo	Zona de montaña
27023	Guntín	Lugo	Lugo	Zona distinta de montaña
27024	O Incio	Sarria	Lugo	Zona de montaña
27025	Xove	A Mariña Occidental	Lugo	Zona distinta de montaña



	Concello	Comarca	Provincia	Clasificación
27026	Láncara	Sarria	Lugo	Zona de montaña
27027	Lourenzá	A Mariña Central	Lugo	Zona distinta de montaña
27028	Lugo	Lugo	Lugo	Zona distinta de montaña
27029	Meira	Meira	Lugo	Zona de montaña
27030	Mondoñedo	A Mariña Central	Lugo	Zona de montaña
27031	Monforte de Lemos	Terra de Lemos	Lugo	Zona distinta de montaña
27032	Monterroso	A Ulloa	Lugo	Zona distinta de montaña
27033	Muras	Terra Chá	Lugo	Zona de montaña
27034	Navia de Suarna	Os Ancares	Lugo	Zona de montaña
27035	Negueira de Muñiz	A Fonsagrada	Lugo	Zona de montaña
27037	As Nogais	Os Ancares	Lugo	Zona de montaña
27038	Ourol	A Mariña Occidental	Lugo	Zona de montaña
27039	Outeiro de Rei	Lugo	Lugo	Zona distinta de montaña
27040	Palas de Rei	A Ulloa	Lugo	Zona distinta de montaña
27041	Pantón	Terra de Lemos	Lugo	Zona distinta de montaña
27042	Paradela	Sarria	Lugo	Zona de montaña
27043	O Páramo	Sarria	Lugo	Zona distinta de montaña
27044	A Pastoriza	Terra Chá	Lugo	Zona distinta de montaña
27045	Pedrafita do Cebreiro	Os Ancares	Lugo	Zona de montaña
27046	Pol	Meira	Lugo	Zona distinta de montaña
27047	A Pobra do Brollón	Terra de Lemos	Lugo	Zona de montaña
27048	A Pontenova	A Mariña Oriental	Lugo	Zona de montaña
27049	Portomarín	Lugo	Lugo	Zona distinta de montaña
27050	Quiroga	Quiroga	Lugo	Zona de montaña
27051	Ribadeo	A Mariña Oriental	Lugo	Zona distinta de montaña
27052	Ribas de Sil	Quiroga	Lugo	Zona de montaña
27053	Ribeira de Piquín	Meira	Lugo	Zona de montaña
27054	Riotorto	Meira	Lugo	Zona de montaña
27055	Samos	Sarria	Lugo	Zona de montaña
27057	Sarria	Sarria	Lugo	Zona distinta de montaña
27058	O Saviñao	Terra de Lemos	Lugo	Zona distinta de montaña
27059	Sober	Terra de Lemos	Lugo	Zona distinta de montaña
27060	Taboada	Chantada	Lugo	Zona distinta de montaña
27061	Trabada	A Mariña Oriental	Lugo	Zona distinta de montaña
27062	Triacastela	Sarria	Lugo	Zona de montaña
27063	O Valadouro	A Mariña Central	Lugo	Zona de montaña
27064	O Vicedo	A Mariña Occidental	Lugo	Zona distinta de montaña
27065	Vilalba	Terra Chá	Lugo	Zona distinta de montaña
27066	Viveiro	A Mariña Occidental	Lugo	Zona distinta de montaña
27901	Baralla	Os Ancares	Lugo	Zona de montaña
27902	Burela	A Mariña Central	Lugo	Zona distinta de montaña
32001	Allariz	Allariz-Maceda	Ourense	Zona distinta de montaña
32002	Amoeiro	Ourense	Ourense	Zona distinta de montaña



	Concello	Comarca	Provincia	Clasificación
32003	A Arnoia	O Ribeiro	Ourense	Zona de montaña
32004	Avión	O Ribeiro	Ourense	Zona de montaña
32005	Baltar	A Limia	Ourense	Zona de montaña
32006	Bande	Baixa Limia	Ourense	Zona de montaña
32007	Baños de Molgas	Allariz-Maceda	Ourense	Zona distinta de montaña
32008	Barbadás	Ourense	Ourense	Zona distinta de montaña
32009	O Barco de Valdeorras	Valdeorras	Ourense	Zona de montaña
32010	Beade	O Ribeiro	Ourense	Zona distinta de montaña
32011	Beariz	O Carballiño	Ourense	Zona de montaña
32012	Os Blancos	A Limia	Ourense	Zona de montaña
32013	Boborás	O Carballiño	Ourense	Zona distinta de montaña
32014	A Bola	Terra de Celanova	Ourense	Zona distinta de montaña
32015	O Bolo	Valdeorras	Ourense	Zona de montaña
32016	Calvos de Randín	A Limia	Ourense	Zona de montaña
32017	Carballeda de Valdeorras	Valdeorras	Ourense	Zona de montaña
32019	O Carballiño	O Carballiño	Ourense	Zona distinta de montaña
32020	Cartelle	Terra de Celanova	Ourense	Zona distinta de montaña
32021	Castrelo do Val	Verín	Ourense	Zona de montaña
32022	Castrelo de Miño	O Ribeiro	Ourense	Zona distinta de montaña
32023	Castro Caldelas	Terra de Caldelas	Ourense	Zona de montaña
32024	Celanova	Terra de Celanova	Ourense	Zona distinta de montaña
32025	Cenlle	O Ribeiro	Ourense	Zona distinta de montaña
32026	Coles	Ourense	Ourense	Zona distinta de montaña
32027	Cortegada	O Ribeiro	Ourense	Zona distinta de montaña
32028	Cualedro	Verín	Ourense	Zona de montaña
32029	Chandrea de Queixa	Terra de Trives	Ourense	Zona de montaña
32030	Entrimo	Baixa Limia	Ourense	Zona de montaña
32031	Esgos	Ourense	Ourense	Zona de montaña
32032	Xinzo de Limia	A Limia	Ourense	Zona distinta de montaña
32033	Gomesende	Terra de Celanova	Ourense	Zona de montaña
32034	A Gudiña	Viana	Ourense	Zona de montaña
32035	O Irixo	O Carballiño	Ourense	Zona de montaña
32036	Xunqueira de Ambía	Allariz-Maceda	Ourense	Zona distinta de montaña
32037	Xunqueira de Espadanedo	Allariz-Maceda	Ourense	Zona de montaña
32038	Larouco	Valdeorras	Ourense	Zona de montaña
32039	Laza	Verín	Ourense	Zona de montaña
32040	Leiro	O Ribeiro	Ourense	Zona distinta de montaña
32041	Lobeira	Baixa Limia	Ourense	Zona de montaña
32042	Lobios	Baixa Limia	Ourense	Zona de montaña
32043	Maceda	Allariz-Maceda	Ourense	Zona de montaña
32044	Manzaneda	Terra de Trives	Ourense	Zona de montaña
32045	Maside	O Carballiño	Ourense	Zona distinta de montaña




Concello		Comarca	Provincia	Clasificación
32046	Melón	O Ribeiro	Ourense	Zona de montaña
32047	A Merca	Terra de Celanova	Ourense	Zona distinta de montaña
32048	A Mezquita	Viana	Ourense	Zona de montaña
32049	Montederramo	Terra de Caldelas	Ourense	Zona de montaña
32050	Monterrei	Verín	Ourense	Zona de montaña
32051	Muiños	Baixa Limia	Ourense	Zona de montaña
32052	Nogueira de Ramuín	Ourense	Ourense	Zona de montaña
32053	Oímbra	Verín	Ourense	Zona de montaña
32054	Ourense	Ourense	Ourense	Zona distinta de montaña
32055	Paderne de Allariz	Allariz-Maceda	Ourense	Zona distinta de montaña
32056	Padrenda	Terra de Celanova	Ourense	Zona de montaña
32057	Parada de Sil	Terra de Caldelas	Ourense	Zona de montaña
32058	O Pereiro de Aguiar	Ourense	Ourense	Zona distinta de montaña
32059	A Peroxa	Ourense	Ourense	Zona de montaña
32060	Petín	Valdeorras	Ourense	Zona de montaña
32061	Piñor	O Carballiño	Ourense	Zona de montaña
32062	Porqueira	A Limia	Ourense	Zona distinta de montaña
32063	A Pobra de Trives	Terra de Trives	Ourense	Zona de montaña
32064	Pontedeva	Terra de Celanova	Ourense	Zona distinta de montaña
32065	Punxín	O Carballiño	Ourense	Zona distinta de montaña
32066	Quintela de Leirado	Terra de Celanova	Ourense	Zona de montaña
32067	Rairiz de Veiga	A Limia	Ourense	Zona de montaña
32068	Ramirás	Terra de Celanova	Ourense	Zona distinta de montaña
32069	Ribadavia	O Ribeiro	Ourense	Zona distinta de montaña
32070	San Xoán de Río	Terra de Trives	Ourense	Zona de montaña
32071	Riós	Verín	Ourense	Zona de montaña
32072	A Rúa	Valdeorras	Ourense	Zona de montaña
32073	Rubiá	Valdeorras	Ourense	Zona de montaña
32074	San Amaro	O Carballiño	Ourense	Zona distinta de montaña
32076	San Cristovo de Cea	O Carballiño	Ourense	Zona distinta de montaña
32077	Sandiás	A Limia	Ourense	Zona distinta de montaña
32079	Taboadela	Ourense	Ourense	Zona distinta de montaña
32080	A Teixeira	Terra de Caldelas	Ourense	Zona de montaña
32081	Toén	Ourense	Ourense	Zona distinta de montaña
32082	Trasmiras	A Limia	Ourense	Zona distinta de montaña
32083	A Veiga	Valdeorras	Ourense	Zona de montaña
32084	Verea	Terra de Celanova	Ourense	Zona de montaña
32085	Verín	Verín	Ourense	Zona de montaña
32086	Viana do Bolo	Viana	Ourense	Zona de montaña
32087	Vilamarín	Ourense	Ourense	Zona distinta de montaña
32088	Vilamartín de Valdeorras	Valdeorras	Ourense	Zona de montaña
32089	Vilar de Barrio	A Limia	Ourense	Zona de montaña



Concello		Comarca	Provincia	Clasificación
32091	Vilardevós	Verín	Ourense	Zona de montaña
32092	Vilariño de Conso	Viana	Ourense	Zona de montaña
36001	Arbo	A Paradanta	Pontevedra	Zona de montaña
36002	Barro	Pontevedra	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36003	Baiona	Vigo	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36004	Bueu	O Morrazo	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36005	Caldas de Reis	Caldas	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36006	Cambados	O Salnés	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36007	Campo Lameiro	Pontevedra	Pontevedra	Zona de montaña
36008	Cangas	O Morrazo	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36009	A Cañiza	A Paradanta	Pontevedra	Zona de montaña
36013	Covelo	A Paradanta	Pontevedra	Zona de montaña
36014	Crecente	A Paradanta	Pontevedra	Zona de montaña
36015	Cuntis	Caldas	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36016	Dozón	Deza	Pontevedra	Zona de montaña
36017	A Estrada	Tabeirós-Terra de Montes	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36018	Forcarei	Tabeirós-Terra de Montes	Pontevedra	Zona de montaña
36019	Fornelos de Montes	Vigo	Pontevedra	Zona de montaña
36020	Agolada	Deza	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36021	Gondomar	Vigo	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36022	O Grove	O Salnés	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36023	A Guarda	O Baixo Miño	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36024	Lalín	Deza	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36025	A Lama	Pontevedra	Pontevedra	Zona de montaña
36026	Marín	O Morrazo	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36027	Meaño	O Salnés	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36028	Meis	O Salnés	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36029	Moaña	O Morrazo	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36030	Mondariz	O Condado	Pontevedra	Zona de montaña
36032	Moraña	Caldas	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36033	Mos	Vigo	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36034	As Neves	O Condado	Pontevedra	Zona de montaña
36035	Nigrán	Vigo	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36036	Oia	O Baixo Miño	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36037	Pazos de Borbén	Vigo	Pontevedra	Zona de montaña
36038	Pontevedra	Pontevedra	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36039	O Porriño	Vigo	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36040	Portas	Caldas	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36041	Poio	Pontevedra	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36042	Ponteareas	O Condado	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36043	Ponte Caldelas	Pontevedra	Pontevedra	Zona de montaña
36044	Pontecesures	Caldas	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36045	Redondela	Vigo	Pontevedra	Zona distinta de montaña



	Concello	Comarca	Provincia	Clasificación
36046	Ribadumia	O Salnés	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36047	Rodeiro	Deza	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36050	Salvaterra de Miño	O Condado	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36051	Sanxenxo	O Salnés	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36052	Silleda	Deza	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36053	Soutomaior	Vigo	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36055	Tui	O Baixo Miño	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36056	Valga	Caldas	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36057	Vigo	Vigo	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36058	Vilaboa	Pontevedra	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36059	Vila de Cruces	Deza	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36060	Vilagarcía de Arousa	O Salnés	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36061	Vilanova de Arousa	O Salnés	Pontevedra	Zona distinta de montaña
36902	Cerdedo-Cotobade	Pontevedra	Pontevedra	Zona de montaña





ANEXO VI
Requisitos legais de xestión

Ámbito	Aspecto principal	Requisitos		Normas nacionais de referencia
Ambiente, cambio climático, boas condicións agrícolas da terra	Auga	RLX 1 Directiva 91/676/CEE do Consello, do 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias (DO L 375, DO do 31.12.1991, p. 1)	Artigos 4 e 5: cumprimento das medidas establecidas nos programas de actuación, nas explotacións agrícolas e gandeiras situadas en zonas declaradas pola Comunidade Autónoma como zonas vulnerables.	Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias.
	Biodiversidade	RLX 2 Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres (DO L 20, do 26.1.2010, p. 7)	Artigo 3, número 1, artigo 3, número 2, letra b), e artigo 4, números 1, 2 e 4. Preservar os espazos que constitúen os hábitats naturais das especies de aves migratorias, ameazadas e en perigo de extinción.	Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e a biodiversidade. Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
		RLX 3 Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (DO L 206, do 22.7.1992, p. 7)	Artigo 6, número 1 e 2: conservación de hábitats e especies da Rede Natura 2000.	Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.



Ámbito	Aspecto principal	Requisitos		Normas nacionais de referencia
Saúde pública, sanidade animal e fitosanidade	Seguridade alimentaria	<p>RLX 4 Regulamento (CE) nº 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria (DO L 31, do 1.2.2002, p. 1)</p>	<p>Artigos 14 e 15, artigos 17, número 1*, e artigos 18, 19 e 20.</p> <p>Art. 14: os produtos da explotación destinados a ser comercializados como alimentos deben ser seguros.</p> <p>Art. 15: comprobar que nas explotacións gandeiras destinadas á produción de alimentos non existen nin se lles dá aos animais pensos que non sexan seguros.</p> <p>Art. 17(1) (*): sobre hixiene dos produtos alimentarios e dos pensos (desenvolvido polos Regulamentos (CE) nº 852/2004 e 183/2005, e sobre hixiene dos produtos de orixe animal (desenvolvido polo regulamento (CE) nº 853/2004).</p> <p>Art. 18: rastrexabilidade. Identificación dos operadores que subministraron a unha explotación pensos, alimentos, animais para produción de alimentos, ou substancias destinadas a ser incorporadas a un penso ou a un alimento e identificación dos operadores aos cales a explotación subministra os seus produtos.</p> <p>Art. 19 e 20: responsabilidades dos explotadores de empresas de pensos/alimentos.</p>	<p>Real decreto 821/2008, do 16 de maio, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene de pensos e se establece o rexistro xeral de establecementos no sector de alimentación animal: no referente ás obrigas que se deriven da normativa comunitaria específica.</p> <p>Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios.</p> <p>Orde APA/326/2007, do 9 de febreiro, pola que se establecen as obrigas dos titulares de explotacións agrícolas e forestais en materia de rexistro da información sobre o uso de produtos fitosanitarios.</p>
		<p>RLX 5 Directiva 96/22/CE do Consello, do 29 de abril de 1996, pola que se prohíbe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tiroestático e substancias β-agonistas na cría de gando (DO L 125, do 23.5.1996, p.3)</p>	<p>Artigo 3, letras a), b), d) e e) e artigos 4, 5 e 7: comprobar que non hai na explotación, salvo que exista unha información, substancias non autorizadas, non administrar as ditas substancias aos animais (salvo as excepcións para os tratamentos zootécnicos ou terapéuticos) e non comercializar animais aos cales se lles subministraron substancias ou produtos non autorizados e, no caso de administración de produtos autorizados, que se respectara o prazo de espera prescrito para os ditos produtos.</p>	<p>Real decreto 2178/2004, do 12 de novembro, polo que prohíbe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tirostático e substancias beta-agonistas de uso na cría de gando.</p>





Ámbito	Aspecto principal	Requisitos		Normas nacionais de referencia
	Identificación e rexistro de animais	RLX 6 Directiva 2008/71/CE do Consello, do 15 de xullo de 2008, relativa á identificación e ao rexistro de porcos (DO L 213, do 8.8.2005, p. 31)	Artigos 3, 4 e 5: Art. 3: rexistro de explotacións porcinas por parte dos Estados membros. Art. 4: condicións dos rexistros das explotacións de animais da especie porcina. Art. 5: requisitos de identificación e do movemento de animais da especie porcina.	Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina y cabrúa. Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras. Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Movementos de Gando e o Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais.
		RLX 7 Regulamento (CE) nº 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo de 2000, que establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e relativo a etiquetaxe da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún (DO L 204, do 11.8.2000, p. 1)	Artigos 4 e 7: Art. 4: requisitos e condicións da marcación auricular da especie bovina. Art. 7: requisitos e condicións do pasaporte e do rexistro de animais da especie bovina.	Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina. Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras. Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Movementos de Gando e o Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais. Orde ARM/687/2009, do 11 de marzo, pola que se modifica o anexo XI do Real decreto 728/2007.
		RLX 8 Regulamento (CE) nº 21/2004 do Consello, do 17 de decembro de 2003, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa (DO L 5, do 9.1.2004, p. 8)	Artigos 3, 4 e 5: comprobar a correcta identificación e rexistro do gando ovino-cabrún.	Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras. Real decreto 685/2013, do 16 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa. Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e se regula o Rexistro Xeral de Movementos de Gando e o Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais.





Ámbito	Aspecto principal	Requisitos		Normas nacionais de referencia
	Enfermidades animais	RLX 9 Regulamento (CE) nº 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles (DO L 147, do 31.5.2001, p. 1)	<p>Artigos 7, 11, 12, 13 e 15:</p> <p>Art. 7: respectar as prohibicións en materia de alimentación dos animais.</p> <p>Art. 11: cumprimento na notificación de encefalopatías esponxiformes transmisibles.</p> <p>Art. 12: adopción das medidas relativas aos animais sospeitosos.</p> <p>Art. 13: adopción das medidas conseguintes á confirmación da presenza de encefalopatías esponxiformes transmisibles.</p> <p>Art. 15: posta no mercado de animais vivos, esperma, os seus óvulos e embrións.</p>	Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal: no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica.
	Produtos fitosanitarios	RLX 10 Regulamento (CE) nº 1107/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, relativo á comercialización de produtos fitosanitarios e polo que se derrogan as directivas 79/117/CEE e 91/414/CEE do Consello (DO L 309, do 24.11.2009, p. 1)	<p>Os produtos fitosanitarios empregaranse axeitadamente.</p> <p>A utilización axeitada incluírá a aplicación dos principios de boas prácticas fitosanitarias e o cumprimento das condicións establecidas na autorización de comercialización do produto fitosanitario e especificadas na etiqueta.</p>	Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica.
Benestar animal	Benestar animal	RLX 11 Directiva 2008/119/CE do Consello, do 18 de decembro de 2008, relativa ás normas mínimas para a protección de xatos (DO L 10, do 15.1.2009, p. 7)	Artigos 3 e 4: condicións das explotacións de xatos e relativas á cría.	<p>Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio: no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica.</p> <p>Real decreto 1047/1994, do 20 de maio, relativa ás normas mínimas para a protección de xatos.</p>





Ámbito	Aspecto principal	Requisitos		Normas nacionais de referencia
		RLX 12 Directiva 2008/120/CE do Consello, do 18 de decembro de 2008, relativa ás normas mínimas para a protección de porcos (DO L 47, do 18.2.2009, p. 5)	Artigos 3 e 4: condicións das explotacións de porcos e relativas á cría.	Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio: no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica. Real decreto 1135/2002, do 31 de outubro, relativa ás normas mínimas para a protección de porcos.
		RLX 13 Directiva 98/58/CE do Consello, do 20 de xullo de 1998, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras (DO L 221, do 8.8.1998, p. 23)	Artigo 4: condicións de cría e mantemento de animais.	Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio: no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica. Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras.

* Na súa aplicación, en particular, en virtude de:
Artigo 14 do R. 470/2009 e anexo do R. 37/2010.

Regulamento (CE) nº 852/2004: artigo 4, número 1, e anexo I, parte A [II.4 letras g), h), j); 5, letras f) e h); 6; III.8, letras a), b), d) e e); 9, letras a) e c)].

Regulamento (CE) nº 853/2004: artigo 3, número 1, e anexo III, sección IX, capítulo 1 [I.1, letras b), c), d) e e); I.2, letra a), incisos i), ii), iii), letra b), incisos i) e ii), e letra c); I.3; I.4; I.5; II.A, números 1, 2, 3, 4; II.B, 1, letras a) e d); 2, 4, letras a) e b)], anexo III, sección X, capítulo 1.1.

Regulamento (CE) nº 183/2005: artigo 5, número 1, e anexo I, parte A [I.4, letras e) e g); II.2, letras a), b) e e)]; artigo 5, número 5, e anexo III, números 1 y 2; artigo 5, número 6.

Regulamento (CE) nº 396/2005: artigo 18.

ANEXO VII**Boas condicións agrarias e ambientais da terra**

Ámbito de ambiente, cambio climático e boa condición agrícola da terra.

1. Aspecto principal: auga.

BCAA 1. Creación de franxas de protección nas marxes dos ríos.

Nas marxes dos ríos, lagos e lagoas, consideradas a partir da ribeira, non se poderán aplicar fertilizantes nunha franxa cuxo largo será o recollido no Código de boas prácticas agrarias ou outra normativa da Comunidade Autónoma. Ademais, nas ditas franxas respectarase, de ser o caso, o resto de requisitos relativos ás condicións de aplicación de fertilizantes a terras próximas a cursos de auga a que se refire o punto A4 do anexo II da Directiva 91/676/CEE do Consello, do 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos utilizados na agricultura.

Para os efectos do parágrafo anterior, considerarase a definición de fertilizantes da letra e) do artigo 2 da Directiva 91/676/CEE do Consello, do 12 de decembro de 1991.


De igual modo, nas marxes referidas non poderán aplicarse produtos fitosanitarios nunha franxa de 5 metros de largo sen prexuízo dunha limitación maior recollida na etiqueta dos ditos produtos.

Estas franxas de protección estarán situadas na parcela agrícola ou serán contiguas a ela, de forma que os seus bordes longos sexan paralelos ao borde da canle ou masa de auga, podendo estar constituídas por vexetación de ribeira.

Na franxa de protección en que non se aplicasen fertilizantes, non haberá produción agrícola, excepto no caso dos cultivos leñosos que xa estean implantados, xa que o arrinca podería diminuír a protección das marxes. Poderá permitirse a sementeira de mesturas de flora silvestre, o pastoreo ou a sega, sempre que a franxa de protección siga sendo distinguible da terra agrícola contigua.



Nas ditas franxas poderanse realizar labores superficiais de mantemento, para evitar a proliferación de pragas e enfermidades que constitúan un risco sanitario para os cultivos adxacentes.



BCAA 2. Cumprimento dos procesos de autorización do uso de auga para a rega.

Para as superficies de regadío o agricultor deberá acreditar o seu dereito de uso de auga de rega concedido pola Administración hidráulica competente.

BCAA 3. Protección das augas subterráneas contra a contaminación: prohibición de verteduras directas nas augas subterráneas e medidas para previr a contaminación indirecta das augas subterráneas mediante a vertedura sobre o terreo e a filtración a través do solo de substancias perigosas, tal como se enumeran no anexo da Directiva 80/68/CEE, do Consello, de 17 de decembro de 1979, relativa á protección das augas subterráneas contra a contaminación causada por determinadas substancias perigosas, na súa versión en vigor no seu derradeiro día de vixencia, na medida en que teña relación coa actividade agrícola.

Os agricultores non verterán de forma directa ou indirecta as substancias da lista I da Directiva 80/68/CEE do Consello, do 17 de decembro de 1979 (compostos organohaloxenados e substancias que poidan orixinar compostos semellantes no medio acuático, compostos organofosforados, compostos orgánicos de estaño, substancias que posúan un po-



der canceríxeno, mutáxeno ou teratóxeno no medio acuático ou a través del, mercurio e compostos de mercurio, cadmio e compostos de cadmio, aceites minerais e hidrocarburos e cianuros).

Os agricultores non verterán, a non ser que se obteña autorización, de forma directa ou indirecta, as substancias da lista II da Directiva 80/68/CEE do Consello, do 17 de decembro de 1979 (metaloides, determinados metais e os seus compostos, biocidas e os seus derivados que non figuren na lista I, substancias que teñan un efecto prexudicial no sabor e/ou cheiro das augas subterráneas, así como os compostos que poidan orixinar as ditas substancias nas augas, volvéndoas non aptas para o consumo humano, compostos orgánicos de silicio tóxicos ou persistentes e substancias que poidan orixinar os ditos compostos nas augas, salvo aqueles que sexan bioloxicamente inocuos ou que se transformen rapidamente na auga en substancias inocuas, compostos inorgánicos de fósforo elemental, fluoruros, amoníaco e nitritos).

2. Aspecto principal: solo e reserva de carbono.

BCAA 4. Cobertura mínima do solo.

Cultivos herbáceos. Nas parcelas agrícolas de secaño que se sementen con cultivos herbáceos de inverno non se deberá labrar con volteo o solo, entre a data de recollida da colleita anterior e o 1 de agosto, que se establece como referencia do inicio da presemteira, salvo que se implante un cultivo de primavera que asegure unha cobertura vexetal que protexa o solo.

Cultivos leñosos. No caso de cultivos leñosos en pendente igual ou superior ao 15 %, salvo que a pendente real do recinto estea compensada mediante socalcos ou bancais, será necesario manter unha cuberta vexetal de largo mínimo de 1 metro nas rúas transversais á liña de máxima pendente ou nas rúas paralelas á dita liña, cando o deseño da parcela ou o sistema de rega impidan o seu establecemento noutra dirección.

Non obstante, no momento en que poida competir co cultivo ou imposibilite a súa recollida, a dita cuberta poderá eliminarse mediante métodos químicos ou mecánicos, podendo ser incorporada mediante un labor superficial, respectando en todo caso o establecido na epígrafe relativa a cultivos leñosos da BCAA 5.



O disposto nos parágrafos anteriores non será de aplicación no caso de parcelas de cultivo de superficie igual ou inferior a unha hectárea, no caso de parcelas de cultivo irregulares ou alongadas cuxa dimensión mínima no sentido transversal á pendente sexa inferior a 100 metros en calquera punto da parcela e cando, por razóns de mantemento da actividade produtiva tradicional, a Administración competente determine e autorice aquelas técnicas de agricultura de conservación que se consideren axeitadas.

Non se poderá arrincar ningún pé de cultivos leñosos situados en recintos de pendente igual ou superior ao 15 por cento, agás nas zonas en que así se estableza e sexa obxecto de reposición autorizada pola autoridade competente.

Nestes casos hai que respectar as normas destinadas á súa reconversión cultural e varietal e aos cambios de cultivo ou aproveitamento.

O disposto nos parágrafos anteriores non será de aplicación cando a pendente real do recinto estea compensada mediante socalcos ou bancais.

Terras de barbeito e terras sen cultivo. Realizaranse prácticas tradicionais de cultivo, prácticas de labra mínima ou manterase unha cuberta vexetal axeitada, ben sexa espontánea ben mediante a sementeira de especies mellorantes.

As parcelas en que non se realice actividade agraria manteranse de acordo coas normas locais que regulen a dita situación.

BCAA 5. Xestión mínima das terras que reflecta as condicións específicas locais para limitar a erosión.

Cultivos herbáceos. Nas superficies que se destinen a cultivos herbáceos, non deberá labrarse con volteo a terra na dirección da máxima pendente cando, nos recintos cultivados, a pendente media exceda o 15 %, salvo que a pendente real do recinto estea compensada mediante socalcos ou bancais.

Cultivos leñosos. En cultivos leñosos non deberá labrarse con volteo a favor da pendente a terra en recintos con pendentes superiores ao 15 %, salvo que a pendente real do recinto estea compensada mediante socalcos ou bancais, se adopten formas especiais de cultivo como o cultivo en faixas, se practique labra mínima ou de conservación, ou se manteña unha cobertura de vexetación total do solo. No caso de existencia de



bancais, será obrigatorio evitar calquera tipo de labores que afecten a estrutura dos noiros existentes.

O disposto nos parágrafos anteriores non será de aplicación no caso de parcelas de cultivo de superficie igual ou inferior a unha hectárea, no caso de parcelas de cultivo irregulares ou alongadas cuxa dimensión mínima no sentido transversal á pendente sexa inferior a 100 metros en calquera punto da parcela e cando, por razóns de mantemento da actividade produtiva tradicional, a Administración competente determine e autorice aquelas técnicas de agricultura de conservación que se consideren axeitadas. En todos os supostos, a implantación do cultivo farase o máis rapidamente posible, para evitar que o solo poida verse afectado pola erosión.

BCAA 6. Mantemento do nivel de materia orgánica no solo mediante prácticas axeitadas, incluída a prohibición de queimar os restollos, excepto por razóns fitosanitarias.

Non poderán queimarse restollos en todo o ámbito nacional, salvo que, por razóns fitosanitarias, a queima estea autorizada pola autoridade competente, en cuxo caso estará condicionada ao cumprimento das normas establecidas en materia de prevención de incendios e, en particular, as relativas ao largo mínimo dunha franxa perimetral cando os terreos linden con terreos forestais.

Cando se eliminen restos de colleita de cultivos herbáceos e dos de poda de cultivos leñosos deberá realizarse, se é o caso, consonte á normativa establecida.

A aplicación de xurro nas superficies agrícolas non poderá realizarse mediante sistemas de prato ou abano nin canóns.

Non obstante, en virtude da facultade que outorga o artigo cuarto do Real decreto 980/2017, do 10 de novembro, polo que se modifica o número 2 do anexo II do Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, a Comunidade Autónoma de Galicia poderá regular, mediante resolución da persoa titular da Dirección do Fogga, a aplicación de excepcións á prohibición anterior.

Os esterco sólidos deberán enterrarse despois da súa aplicación no menor prazo de tempo posible. Non obstante, exceptúanse desta obriga, os tipos de cultivo mediante se-



menteira directa ou labra mínima, os pastos e cultivos permanentes, e cando a achega do esterco sólido se realice en cobertura co cultivo xa instalado.


3. Aspecto principal: paisaxe, nivel mínimo de mantemento.

BCAA 7. Mantemento das particularidades topográficas e prohibición de cortar sebes e árbores durante a temporada de cría e reprodución das aves.

Non se poderá efectuar unha alteración das particularidades topográficas ou elementos da paisaxe definidos no artigo 2 do Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro.

Non obstante, tendo en conta que os elementos da paisaxe protexidos formarán parte da superficie admisible da parcela agrícola en que estean situados, considérase necesario definir o marco de aplicación e control desta norma, que se aplicará ás terras de cultivo, aos cultivos permanentes e, en determinados casos, aos prados permanentes (por exemplo, naqueles procedentes de terras de cultivo), establecéndose os seguintes límites máximos:

- Sebes de largo de ata 10 m.
- Árbores en grupos que ocupen unha superficie máxima de 0,3 ha.
- Lindes de largo de ata 10 metros.
- Charcas, lagoas, estanques e bebedoiros naturais de ata un máximo de 0,1 ha. Non se considerarán os depósitos de cemento ou de plástico.
- Illas e enclaves de vexetación natural ou rocha: ata un máximo de 0,1 ha
- Socalcos de largo, en proxección horizontal, de ata 10 metros.



Exceptúanse desta obriga as alteracións producidas de acordo co indicado no artigo 23.3 desta orde referidas exclusivamente aos seguintes elementos:

- Sebes.
- Árbores.
- Lindes.
- Illas e enclaves de vexetación natural ou rocha.
- Socalcos: só no caso dos ribazos provistos de vexetación herbácea, arbustiva ou arbórea, as terrazas e gabias de contorno no caso de labra a nivel e as barreiras vivas vexetais. Non está permitido alterar os bancais de pedra seca.

Non obstante o anterior, queda prohibido cortar tanto sebes coma árbores durante a temporada de cría e reprodución das aves, salvo autorización expresa da autoridade medioambiental. Tomarase como referencia o período comprendido entre os meses de marzo a xullo.

ANEXO VIII Especies e razas autóctonas en perigo de extinción

Especie	Raza	Organismo responsable da xestión do libro xenealóxico
Bovino	Cachena	Asociación de Criadores da Raza Cachena (Cachega)
	Caldelá	Asociación de Criadores da Raza Caldelá (Caldega)
	Frieiresa	Asociación de Criadores da Raza Frieiresa (Frieirega)
	Limiá	Asociación de Criadores da Raza Limiá (Limiaga)
	Vianesa	Asociación de Criadores da Raza Vianesa (Vianega)
Ovino	Galega	Asociación de Criadores da Raza Ovella Galega (Asovega)
Cabrún	Galega	Asociación de Gandeiros de Cabra Galega (Capriga)
Equino	Cabalo de pura raza galega	Asociación de Criadores de Cabalo de Pura Raza Galega (Puraga)
Porcino	Celta	Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta (Asoporcel)
Aves	Galiña de Mos	Asociación de Avicultores da Raza Galiña de Mos (Avimos)





ANEXO IX
Correlación da liña de base cos compromisos

Agroambiente e clima

Compromiso agroambiental	Obxectivo ambiental	Liña base		
		BCAA	RLX	Outra normativa estatal ou autonómica
Compromisos comúns a ambas as primas de Manexo sustentable de pastos: Xestión sustentable de pastos e Extensificación do vacún de leite				
Dispoñer dun mínimo de 10 ha de superficie forraxeira indemnizable	Os beneficios ambientais que se perseguen con esta submedida melloran se a superficie xestionada de acordo cos compromisos acadada unha dimensión suficiente	Ningún	Ningún	Ningún
Manter unha carga gandeira entre 0,7 e 2 UGM/ha	Coa carga gandeira que se establece lograrase un efecto positivo da extensificación sobre o solo, auga, clima, etc. e ademais facilítase un aproveitamento suficiente dos pastos	Ningún	Ningún	Ningún
Manter a superficie forraxeira comprometida durante os anos que dure o compromiso, tendo en conta a tolerancia e casuísticas	Os beneficios ambientais e paisaxísticos que se perseguen con esta submedida só se acadan axeitadamente se a superficie xestionada de acordo cos compromisos establecidos é suficientemente representativa e se mantén	Ningún	Ningún	Ningún



Compromiso agroambiental	Obxectivo ambiental	Liña base		
		BCAA	RLX	Outra normativa estatal ou autonómica
Nas superficies da explotación con pendentes > 10 % non se implantarán cultivos, excepto pradarias ou rexeneración de pasto	Evitar a erosión e favorecer o efecto ambiental de captura de carbono dos pastos	<p>BCAA 5 Xestión mínima das terras que reflecta as condicións específicas locais para limitar a erosión, e os aspectos que hai que verificar son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cultivos herbáceos. Nas superficies que se destinen a cultivos herbáceos, non deberá labrarse con volteo a terra na dirección da máxima pendente cando, nos recintos cultivados, a pendente media exceda o 15 %, salvo que a pendente real do recinto estea compensada mediante socialcos ou bancais. • Cultivos leñosos. En cultivos leñosos non deberá labrarse con volteo a favor da pendente a terra en recintos con pendentes superiores ao 15 %, salvo que a pendente real do recinto estea compensada mediante socialcos ou bancais, se adopten formas especiais de cultivo como o cultivo en faixas, se practique labra mínimo ou de conservación, ou se manteña unha cobertura de vexetación total do solo. No caso de existencia de bancais, será obrigatorio evitar calquera tipo de labores que afecten a estrutura dos noiros existentes. • O disposto nos parágrafos anteriores non será de aplicación no caso de parcelas de cultivo de superficie igual ou inferior a unha hectárea, no caso de parcelas de cultivo irregulares ou alongadas cuxa dimensión mínima no sentido transversal á pendente sexa inferior a 100 metros en calquera punto da parcela e cando, por razóns de mantemento da actividade produtiva tradicional a Administración competente determine e autorice aquelas técnicas de agricultura de conservación que se consideren axeitadas. En todos os supostos, a implantación do cultivo farase o máis rapidamente posible para evitar que o solo poida verse afectado pola erosión. 	Ningún	Ningún
Caderno de explotación co rexistro das actuacións de pastoreo.	A anotación das prácticas de pastoreo contribúe á verificabilidade e controlabilidade do compromiso.	Ningún	Ningún	Ningún



Compromiso agroambiental	Obxectivo ambiental	Liña base		
		BCAA	RLX	Outra normativa estatal ou autonómica
Compromisos específicos da prima de Xestión susentable de pastos				
A superficie de millo e outros cultivos forraxeiros (distintos dos prados de menos de 5 anos) é menor ou igual ao 20 % da superficie forraxeira da explotación.	A intensificación das producións gandeiras leva unha elevada produción de gases efecto invernadoiro debido ao maior consumo de combustibles e ao transporte dos alimentos para o gando que se reducen cando se aplica o pastoreo. O feito de que a maioría da superficie forraxeira da explotación sexa de pastos contribúe a previr a erosión, promove o secuestro de carbono polos pastos permanentes, etc.	Ningún	Ningún	Ningún
Realizar o pastoreo en polo menos o 70 % da superficie de prados e pastos permanentes da explotación.	O manexo do pastoreo cunha carga gandeira axeitada é unha práctica sustentable que permite o aproveitamento dos pastos e simultaneamente evita a súa deterioración	Ningún	Ningún	Ningún
Compromisos específicos da prima de Extensificación do vacún de leite				
UGM vacún leite > 12 meses son polo menos o 70 % do total de UGM da explotación.	As explotacións de vacún de leite tenden a modelos intensivos que faciliten o manexo da reprodución e o muxido entre outros labores	Ningún	Ningún	Ningún



Compromiso agroambiental	Obxectivo ambiental	Liña base		
		BCAA	RLX	Outra normativa estatal ou autonómica
A superficie de millo e outros cultivos forraxeiros (distintos dos prados de menos de 5 anos) é menor ou igual ao 25 % da superficie forraxeira da explotación (excluíndo) o pasto arbustivo e o pasto arborado)	O millo é o principal cultivo das explotacións de vacún de leite de Galicia. Ao limitar a superficie de millo e outros cultivos forraxeiros conséguense unha importante redución do uso de fitosanitarios (herbicidas e insecticidas) e, ao mesmo tempo, promóvese unha notable extensificación da produción.	Ningún	Ningún	Ningún
Practicar o pastoreo con vacas en polo menos o 50 % da superficie de prados da explotación.	O manexo do pastoreo cunha carga gandeira axeitada é unha práctica sustentable que permite o aproveitamento dos pastos e evita a súa deterioración. O pastoreo de vacún de leite é moi exixente en man de obra pero proporciona vantaxes ambientais importantes en canto a menores emisións de GEI.	Ningún	Ningún	Ningún
Compromisos en razas autóctonas en perigo de extinción				
Dispoñer de máis de 5 UGM primables dunha ou varias das razas autóctonas en perigo de extinción	Os obxectivos da submedida logranse de forma máis eficiente exixindo este compromiso	Ningún	Ningún	Ningún
Cando se trate de especies de ovino, cabrún, equino ou bovino, manter unha carga gandeira entre 0,7 e 2 UGM/ha	Trátase de aproveitar as aptitudes destes animais para utilizar os recursos forraxeiros logrando unha axeitada conservación dos pastos	Ningún	Ningún	Ningún



Compromiso agroambiental	Obxectivo ambiental	Liña base		
		BCAA	RLX	Outra normativa estatal ou autonómica
Manter, como mínimo, as UGM primables comprometidas de razas autóctonas en perigo de extinción durante os anos que dura o compromiso.	Fomentar o mantemento e o aumento dos censos destas razas nas explotacións agrarias. Ao estaren inscritos no libro xenealóxico da raza garántese a súa pureza racial	Ningún	Ningún	Ningún
Participar no programa de mellora xenética da raza.	O programa de mellora é un conxunto de actuacións orientadas á conservación, mellora e/ou fomento da raza correspondente	Ningún	Ningún	Ningún
Compromisos apicultura para a conservación da biodiversidade en zonas con limitacións naturais				
Manter un mínimo de 100 colmeas localizadas en concellos de Galicia designados como zonas con limitacións naturais e distribuídas polo menos en 2 alvarizas.	Conservación da biodiversidade e contribución á paisaxe pola mellora da variedade de especies vexetais mediante o fomento da apicultura nas zonas con maiores limitacións naturais en que é menos frecuente a presenza do home e as actividades asociadas, como a apicultura.	Ningún	Ningún	Ningún
Manter, como mínimo, as colmeas comprometidas durante os anos que dura o compromiso. Consideraranse comprometidas un máximo de 80 colmeas/alvariza.	Manter o efecto beneficioso que se persegue durante a duración do compromiso.	Ningún	Ningún	Ningún
A distancia entre as alvarizas do mesmo beneficiario será polo menos de 1 km.	Ao establecer unha distancia mínima entre alvarizas do mesmo apicultor maximízase o efecto polinizador das súas abellas.	Ningún	Ningún	Ningún



Agricultura ecolóxica



Compromiso	Obxectivo ambiental	Liña base		
		BCAM	RLX	Outra normativa
Compromisos comúns				
Empregar as técnicas de produción establecidas no Regulamento (CE) 834/2007 e demais normativa de aplicación	O emprego destas técnicas de produción garante a consecución do obxectivo que se persegue.	Ningún	Ningún	<p>Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A xestión de pragas dos vexetais realizarase tendo en conta os principios xerais da xestión integrada de pragas establecidos no anexo I do citado real decreto, que sexan aplicables en cada momento e para cada tipo de xestión de pragas. 2. A xestión de pragas realizarase asistida dun aconsellamento, excepto no caso das producións ou tipos de explotacións consideradas de baixa utilización de produtos fitosanitarios de acordo co artigo 10.3 do citado real decreto, caso en que será voluntario. 3. As explotacións exentas da obriga de aconsellamento terán á súa disposición as guías de xestión integrada de pragas aprobadas polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para facilitar o cumprimento dos principios da xestión integrada de pragas. 4. A partir do 26 de novembro de 2015, os usuarios profesionais de produtos fitosanitarios deberán estar en posesión do carné que acredite coñecementos axeitados para exercer a actividade, así como estar inscritos na correspondente sección do Rexistro Oficial de Produtores e Operadores de Medios de Defensa Fitosanitaria (ROPO). 5. Prohíbense as aplicacións aéreas de produtos fitosanitarios, salvo no caso de que sexan autorizadas polo órgano competente da comunidade autónoma, ou promovidas pola propia Administración para o control de pragas declaradas de utilidade pública ou por razóns de emerxencia. En calquera caso, é condición para a súa realización que non se dispoña dunha alternativa técnica e economicamente viable, ou que as existentes presenten desvantaxes en termos de impacto na saúde humana ou o ambiente. 6. Tomaranse todas as medidas necesarias para evitar a contaminación das masas de auga e da auga potable, tal e como se establece nos artigos 31, 32 e 33 do citado real decreto. 7. Respetaranse as prácticas obrigatorias para a manipulación e almacenamento dos produtos fitosanitarios, envases e restos recollidas no capítulo IX do citado real decreto. <p>En virtude do Real decreto 1702/2011, do 18 de novembro, de inspeccións periódicas dos equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios, os equipamentos de aplicación dentro do ámbito de aplicación do citado real decreto, segundo o seu artigo 3, deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) ou no censo de equipamentos que hai que inspeccionar elaborado polos órganos competentes das comunidades autónomas.</p>





Compromiso	Obxectivo ambiental	Liña base		
		BCAM	RLX	Outra normativa
Estar inscrito no correspondente rexistro de operadores de agricultura ecolóxica	Este compromiso é fundamental para garantir o respecto das técnicas de produción da agricultura ecolóxica	Ningún	Ningún	Ningún
Obter a certificación da produción agraria como ecolóxica, de acordo co Regulamento (CE) 834/2007	Este compromiso é fundamental para garantir o respecto das técnicas de produción da agricultura ecolóxica	Ningún	Ningún	Ningún
Manter o caderno de explotación exixido en agricultura ecolóxica para efectos dun control das producións	A anotación das actuacións de produción permite un maior control das actuacións en cada parcela	Ningún	Ningún	Manter actualizado o rexistro de tratamentos fitosanitarios, de acordo co establecido no artigo 16 do Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, e nos artigos 3 e 4 da Orde APA/326/2007, do 9 de febreiro
Compromisos específicos para agricultura ecolóxica				
Manter a superficie agrícola suxeita a esta submedida durante os anos que dure o compromiso, tendo en conta a tolerancia e casuísticas establecidas	Os beneficios ambientais que se perseguen con esta submedida só se logran de forma axeitada se a superficie xestionada de acordo cos compromisos se mantén	Ningún	Ningún	Ningún
Compromisos específicos para gandaría ecolóxica				
Manter a superficie agrícola suxeita a esta submedida durante os anos que dure o compromiso, tendo en conta a tolerancia e casuísticas establecidas	Os beneficios ambientais que se perseguen con esta submedida só se logran de forma axeitada se a superficie xestionada de acordo cos compromisos se mantén	Ningún	Ningún	Ningún



Compromiso	Obxectivo ambiental	Liña base		
		BCAM	RLX	Outra normativa
Compromisos específicos para apicultura ecolóxica				
Manter, como mínimo, as colmeas comprometidas durante os anos que dura o compromiso. Para estes efectos consideraranse comprometidas un máximo de 80 colmeas por alvariza	Manter o efecto beneficioso que se persegue durante a duración do compromiso	Ningún	Ningún	Ningún
En caso de dispoñer de varias alvarizas, a distancia entre os alvarizas do mesmo beneficiario será polo menos de 1 km	Ao establecer unha distancia mínima entre alvarizas do mesmo apicultor maximízase o efecto polinizador das súas abellas	Ningún	Ningún	Ningún



ANEXO X**Informe e ficheiro informático que deben remitir as entidades de aconsellamento**

Informe

....., con NIF,
actuando en representación da entidade con NIF..... e
domicilio en, inscrita no Rexistro de Entidades con Servi-
zos de Asesoramento e Xestión de Galicia (Resaxega), co número de rexistro.....

INFORMA:

Que no ficheiro denominado inclúese unha relación de solici-
tantes das axudas de Agroambiente e clima e/ou Agricultura ecolóxica que actualmente
reciben un asesoramento especializado en materia de compromisos por persoal técnico
desta entidade.

Que para cubriren a solicitude única deste ano se lles prestou asesoramento sobre os
requisitos e condicións de elixibilidade, compromisos, liñas de base e condicionalidade
aplicables ás axudas solicitadas.

Que durante o ano en curso se visitaron as explotacións destes aconsellados e se exis-
tían deficiencias nos seus elementos (superficies, animais, instalacións, etc.) para efectos
das axudas solicitadas, fixéronse as oportunas recomendacións para a súa mellora ou
emenda coa entrega dos correspondentes informes aos aconsellados.

..... de de 201.....

Datos que conterà o ficheiro informático cos solicitantes que indican na súa solicitude
única a cada entidade de asesoramento

O ficheiro informático de intercambio coas entidades de asesoramento terá formato Ac-
cess, en calquera das súas versións e incluírá os seguintes campos:

A) Identificación da entidade de asesoramento:

1. Razón social ou nome e apelidos.
2. NIF.
3. Nº de inscrición no Resaxega.



4. Nome e apelidos do técnico responsable da explotación.

5. NIF do técnico.

B) Identificación dos solicitantes que indican na súa solicitude única esa entidade de asesoramento:

1. Razón social ou nome e apelidos.

2. NIF.

3. Nº da solicitude de pagamento da campaña.

4. Actualmente recibe asesoramento desa entidade (s/n).

ANEXO XI

Contido mínimo dos cadernos de explotación

A. Xestión sustentable de pastos e extensificación do vacún de leite.

• Datos xerais da explotación:

– Nome e apelidos/razón social do titular da explotación.

– NIF.

– Rega¹.

– Coordenadas UTM Rega.

– Enderezo.

– Concello.

– Código postal.

– Provincia.

– Teléfono fixo.

– Teléfono móbil.

– Correo electrónico



- Datos do representante (se é distinto do titular):
 - Nome e apelidos.
 - NIF.
 - Teléfono de contacto.
 - Correo electrónico.
- Datos da entidade de asesoramento:
 - Razón social.
 - NIF.
 - Número de inscrición no Resaxega.
 - Correo electrónico.
 - Nome e apelidos do técnico responsable da explotación.
 - NIF.
 - Teléfono contacto do técnico.
- Identificación das parcelas da explotación:
 - N^o de orde.
 - N^o de parcela agrícola².
 - Referencias Sixpac actualizadas para a campaña correspondente.
 - Nome do predio.
 - Produto.
 - Variedade, de ser o caso.
 - Superficie declarada (en hectáreas con dous decimais).
 - Superficie neta declarada de pastos (en hectáreas con dous decimais).



- Actividade agraria.
 - Aproveitamento forraxeiro (s/n).
 - Rexistro de pastoreo:
 - Rexistro diario das actuacións de pastoreo:
 - Número de parcela agrícola.
 - Nome do predio.
 - Superficie declarada (en hectáreas con dous decimais).
 - Mes.
 - Día do mes.
 - Resumo anual do rexistro de pastoreo actualizado trimestralmente:
 - Número de parcela agrícola.
 - Nome do predio.
 - Mes.
 - Indicador de pastoreo (s/n).
 - Rexistro de visitas:
 - Nome controlador da Administración/técnico da entidade de asesoramento.
 - Entidade: unidade ou organismo da Consellería do Medio Rural ou entidade de asesoramento.
 - Data visita.
 - Motivo.
 - Sinatura.
- ¹ Indicaranse os datos de todos os Rega de que sexa titular.
- ² Superficie de terra continua, declarada por un único agricultor e dedicada a un mesmo cultivo.



B. Agricultura ecolóxica:• **Datos xerais da explotación:**

– Nome e apelidos/razón social do titular da explotación.

– NIF.

– Rega/Reaga¹.

– Coordenadas UTM Rega.

– Enderezo.

– Concello.

– Código postal.

– Provincia.

– Teléfono fixo.

– Teléfono móbil.

– Correo electrónico.

– **Datos do representante (se é distinto do titular).**

– Nome e apelidos.

– NIF.

– Teléfono de contacto.

– Correo electrónico.

• **Datos da entidade de asesoramento:**

– Razón social.



- NIF.
- Número de inscrición no Resaxega.
- Correo electrónico.
- Nome e apelidos do técnico responsable da explotación.
- NIF.
- Teléfono contacto do técnico.
- Identificación das parcelas da explotación:
 - N° de orde.
 - N° de parcela agrícola².
 - Referencias Sixpac actualizadas para a campaña correspondente.
 - Nome do predio.
 - Produto.
 - Variedade, de ser o caso.
 - Superficie declarada (en hectáreas con dous decimais).
 - Superficie neta declarada de pastos (en hectáreas con dous decimais).
 - Actividade agraria.
 - Aproveitamento forraxeiro (s/n).
 - Producción ecolóxica (s/n).
 - Período de conversión (de ser o caso, data en que finaliza).
 - Marco de plantación.



- Data plantación.
- Data colleita.
- Produción obtida.
- Rexistro de pastoreo (para explotacións gandeiras):
 - Rexistro diario das actuacións de pastoreo:
 - Número de parcela agrícola.
 - Nome do predio.
 - Superficie declarada (en hectáreas con dous decimais).
 - Mes.
 - Día do mes.
 - Resumo anual do rexistro de pastoreo actualizado trimestralmente:
 - Número de parcela agrícola.
 - Nome do predio.
 - Mes.
 - Indicador de pastoreo (s/n).
- Calendario de accións de cultivo:
 - Número de parcela agrícola.
 - Data.
 - Acción.
 - Produto empregado.



- Dose.
- Prazo de seguridade.
- Xustificación técnica e condicións de uso.
- Alimentación:
 - Período de aplicación da ración:
 - Tipo de alimento.
 - Ecolóxico, conversión ou convencional.
 - Porcentaxe na ración.
 - Período de acceso aos currais.
 - Período de transhumancia.
- Operacións zootécnicas:
 - Operación.
 - Data.
 - Autorización.
 - Xustificación.
- Rexistro de entradas de insumos:
 - Data.
 - Produto.
 - Ecolóxico, conversión ou convencional.
 - Envase.
 - Cantidade.



- Nome comercial.
 - N° volante circulación.
 - N° factura/albarán.
 - Rexistro saída de produtos:
 - Data.
 - Produto.
 - Ecolóxico, conversión ou convencional.
 - Envase.
 - Cantidade.
 - Nome comercial.
 - N° volante circulación.
 - N° factura/albarán.
 - Rexistro de visitas:
 - Nome controlador da Administración/técnico da entidade de asesoramento.
 - Entidade: unidade ou organismo da Consellería do Medio Rural ou entidade de asesoramento.
 - Data visita.
 - Motivo.
 - Sinatura.
- ¹ Indicaranse os datos de todos os Rega de que sexa titular.
- ² Superficie de terra continua, declarada por un único agricultor e dedicada a un mesmo cultivo.



Na parte final deses modelos deberase engadir un rexistro de visitas co seguinte contido:

- Nome controlador da Administración/técnico da entidade de asesoramento.
- Entidade: unidade ou organismo da Consellería do Medio Rural ou entidade de asesoramento.
- Data visita.
- Motivo.
- Sinatura.

ANEXO XII
Declaración doutras axudas

Don/Dona.....co DNI..... como persoa solicitante ou representante do expediente nº do procedemento MR250A

Declaro, baixo a miña responsabilidade:

Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.

Si solicitou e/ou concedéronse outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

Organismo concedente	Importe (€)

Sinatura da persoa solicitante ou representante

Lugar e data




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO XIII

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
RECOÑECIMENTO COMO ENTIDADE COLABORADORA	MR2390	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: Entidade solicitante Persoa ou entidade representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>.

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

- Que todos os datos contidos nesta solicitude son certos.
- Dispoñer de persoal cualificado para prestar o asesoramento no ámbito da solicitude única de axudas da PAC.
- Dispoñer de medios para o tratamento informático das solicitudes a través do programa de captura facilitado polo Fondo Galego de Garantía Agraria.
- Dispoñer de certificado dixital de usuario da entidade con sinatura electrónica avanzada para a realización do rexistro electrónico das solicitudes presentadas a través da dita entidade.
- Cumprir o disposto nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "Relacións administrativas coa cidadanía e entidades", co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga). Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: rúa dos Irmandiños, s/n, Salgueiriños, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a dereitosarco.fogga@xunta.gal.


LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 6 de febreiro de 2018 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control.


SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Fondo Galego de Garantía Agraria


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora
